

Guía de recursos

para as

familias

2014

The bottom half of the cover features a light green background with a pattern of fine horizontal lines. Overlaid on this is a dark green silhouette of a family of seven (two adults and five children) walking in a circular path. The family is positioned in the lower half of the frame, with their shadows cast behind them. Several thin, dark green curved lines, resembling orbits or paths, are drawn around the family. The text 'XUNTA DE GALICIA' is printed in a dark green, sans-serif, all-caps font, centered horizontally and partially overlaid by the family's silhouette.

XUNTA DE GALICIA

Guía de recursos para as familias

2014

Xunta de Galicia

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Familia e Inclusión

1ª ed., 2014

Edita:

Xunta de Galicia

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Familia e Inclusión

Santiago de Compostela

A Xunta de Galicia, desde o convencemento de que a familia constitúe o núcleo esencial da nosa sociedade, pon en mans das familias galegas a Guía de recursos para as familias 2014, co obxectivo de facilitar toda a información actualizada sobre todas aquelas axudas e servizos relativos á mellora da calidade de vida de cada un dos seus membros.

Esta guía tenta achegar, con claridade, a información relativa ás vantaxes fiscais, permisos, centros e outros apoios ás familias, tanto dos diversos departamentos da Administración autonómica como dos departamentos das restantes administracións.

Coa Guía de recursos preténdese reforzar e impulsar o proceso de transparencia na actividade da Administración, facilitando ás familias, especialmente a aquelas con vulnerabilidades específicas, o acceso a toda a información relativa aos recursos ao seu alcance que lles permitan mellorar a súa situación.

Como conselleira de Traballo e Benestar, agardo que este manual sexa un instrumento útil, xunto co resto de estratexias que estamos a poñer en marcha desde o Goberno galego, para axudar á mellora da calidade de vida das familias.

A conselleira de Traballo e Benestar

Beatriz Mato Otero

Un ano máis queremos achegar á sociedade galega o conxunto de actuacións públicas enmarcadas nas políticas de apoio á familia que, asentadas no mandato legal proclamado pola Constitución española e pola Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea, implican un recoñecemento da importancia do papel da familia na construción das sociedades e recoñecen a obriga dos poderes públicos de garantir a súa protección social, económica e xurídica.

No noso contexto, o conxunto de actuacións orientadas a cubrir as necesidades das familias e/ou dos diferentes grupos de convivencia proceden dos diferentes ámbitos de competencias das administracións públicas, razón pola que a súa efectividade depende dun exercicio de vertebración que as integre e as complemente, e evite a súa duplicidade e dispersión.

A Guía de recursos para as familias 2014 recolle o conxunto de medidas e prestacións da Xunta de Galicia, as prestacións económicas da Seguridade Social, o conxunto de permisos e excedencias, os beneficios fiscais de ámbito autonómico, as medidas e beneficios fiscais de ámbito estatal, e os servizos, plans e programas encamiñados a apoiar e favorecer as familias galegas.

Esta guía de recursos é unha publicación de manexo sinxelo que permitirá á cidadanía coñecer todos os recursos orientados ao benestar das persoas e dos colectivos ou grupos de convivencia aos que pertencen e, así mesmo, proporciona os contactos necesarios para resolver todas as dúbidas que poidan ter.

A directora xeral de Familia e Inclusión

M^a Amparo González Méndez

1	PRESTACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA	11
1.1.	Prestación económica por fillas e fillos menores de tres anos	13
1.2.	Axudas ás familias numerosas	14
1.3.	Carné familiar galego	19
1.4.	Recoñecemento ou asimilación á categoría de descendente da filla ou fillo concibida ou concibido	20
1.5.	Axudas a traballadores con redución de xornada laboral.....	21
1.6	Exención do pagamento nas escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar	23
2.	PRESTACIÓNS ECONÓMICAS DA SEGURIDADE SOCIAL	25
2.1.	Prestación económica por parto ou adopción múltiple.....	27
2.2.	Prestación económica por filla, fillo ou por acollemento dunha ou dun menor a cargo.	28
2.3.	Prestación económica por nacemento ou adopción de fillas ou fillos, en supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade igual ou superior ao 65 %.....	31
3.	PERMISOS E EXCEDENCIAS	33
3.1.	Permiso de maternidade.....	35
3.2.	Permiso de paternidade.....	39
3.3.	Risco durante o embarazo e lactación natural	41
3.4.	Redución da xornada laboral por lactación	42
3.5.	Redución da xornada laboral por coidado de menores e outras persoas da familia.	43
3.6.	Redución de xornada por coidado de menores afectadas/os por cancro ou outra enfermidade grave.....	44
3.7.	Outros permisos.....	46
3.8.	A excedencia	47
4.	BENEFICIOS FISCAIS DE ÁMBITO GALEGO	51
	A- Imposto sobre a renda das persoas físicas.....	53
4.1.	Dedución fiscal por nacemento ou adopción de fillas ou fillos.....	53
4.2.	Dedución por familia numerosa.....	54
4.3.	Dedución por acollemento.....	55
4.4.	Dedución por coidado de fillas ou fillos de tres ou menos anos de idade.....	56

4.5.	Dedución por suxeitos pasivos con discapacidade, de idade igual ou superior a 65 anos, que precisen a axuda de terceiras persoas	57
4.6.	Dedución por gastos dirixidos ao emprego de novas tecnoloxías nos fogares galegos	58
4.7.	Dedución por alugamento da vivenda habitual	59
4.8.	Dedución por creación de novas empresas ou a ampliación de actividade de empresas de recente creación.....	59
4.9.	Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación.	60
4.10.	Dedución por investimento en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista.	61

B- Imposto sobre sucesións e doazóns	61
--	----

C- Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados	64
---	----

5. MEDIDAS E BENEFICIOS FISCAIS DE ÁMBITO ESTATAL.....69

A- Imposto sobre a renda das persoas físicas.....	71
---	----

5.1.	Redución por tributación conxunta	711
5.2.	Mínimo persoal e familiar	72
5.3.	Dedución por maternidade para mulleres traballadoras con fillas ou fillos menores de 3 anos	75

B- Outras medidas	77
-------------------------	----

5.4.	Bono social ou tarifa último recurso.....	77
5.5.	Programa de incentivos ao vehículo eficiente (PIVE).....	78
5.6.	Plan integral de impulso ao vehículo eléctrico	80
5.7.	Axudas no caso de non aboamento de pensións de alimentos en situacións de separación ou divorcio.....	82

6. SERVIZOS DE APOIO85

6.1.	Portal web das familias galegas	87
6.2.	Rede galega de escolas infantís	87
6.3.	Programa do cheque infantil	90
6.4.	Gabinetes de orientación familiar.....	92
6.5.	GOF virtual	94
6.6.	Puntos de encontro familiar	94
6.7.	Residencias de tempo libre	98

7. PLANS E PROGRAMAS 101

A- Programas e servizos comunitarios básicos 103

- 7.1. Programa de valoración, orientación e información 104
- 7.2. Servizo de axuda no fogar 105
- 7.3. Servizo de educación e apoio familiar 107
- 7.4. Programa básico de inserción social 109
- 7.5. Programa de fomento da cooperación e da solidariedade social 110

B- Outros programas sociais 111


- 7.6. Programa de estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas. 111
- 7.7. Programa RECONDUCE 112
- 7.8. Programas de apoio a mulleres xestantes e/ou lactantes con fillas ou fillos menores de tres anos. 113
- 7.9. Programa de acollemento familiar 115
- 7.10. Programa de adopcións 117
- 7.11. Programa de mediación familiar 119

C- Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 120

8. PROGRAMA DE ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO 123

9. RECURSOS PARA FAMILIAS CON PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA 133

10. OUTROS RECURSOS DE INTERESE PARA AS FAMILIAS 141



1. Prestacións da Xunta de Galicia



1.1. Prestación económica por fillas e fillos menores de tres anos

Que é?

É unha axuda económica de pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos, que se pode conceder ás familias, sendo a súa contía de 360 € por cada unha das fillas ou fillos, sen que a mesmo filla ou fillo poida dar lugar a máis dunha prestación.

Que requisitos se deben cumprir?

- Ter fillas ou fillos menores de 3 anos.
- Que as nenas e nenos convivan coa persoa solicitante na data da solicitude.
- Residir en Galicia. Os estranxeiros residentes en Galicia, deben cumprir as condicións da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, e a súa normativa de desenvolvemento, e ter a condición de contribuíntes para os efectos do disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto da renda das persoas físicas.
- Non ter a obriga de presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas nin tela presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.
- No caso de fillas e fillos adoptadas e adoptados ou acollidas e acollidos, a prestación concederáse durante os tres anos posteriores á data de inscrición da adopción ou do acollemento no rexistro civil ou, cando esta non sexa necesaria, a partir da data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.
- Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio, a persoa beneficiaria será a que teña a custodia.
- En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos ou fillas, ou se a tutela ou a garda fose asumida por unha institución pública.

Como se pode acceder a ela?

A regulación desta prestación lévase a cabo mediante unha orde anual que establece as bases e convocatoria para a súa concesión. Para poder beneficiarse desta axuda é necesaria a presentación dunha instancia e a documentación que na dita orde se establece.

Atención e asesoramento

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Familia e Inclusión: 981.547.246

<http://www.familiasgalegas.org>

<http://traballoebeneficio.xunta.es>

1.2. Axudas ás familias numerosas

Que é unha familia numerosa?

É a unidade familiar formada por unha ou dúas persoas ascendentes con tres ou máis fillas ou fillos, sexan ou non comúns.

E aquelas que estean formadas por:

- Unha ou dúas persoas ascendentes con dúas fillas ou fillos, sexan ou non comúns, sempre e cando, como mínimo, unha filla ou fillo teña unha discapacidade ou estea incapacitada para traballar.
- Dúas persoas ascendentes con dúas fillas ou fillos, sexan ou non comúns, cando ambas teñan unha discapacidade ou estivesen incapacitadas para traballar, ou cando unha delas tivese un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.
- A nai ou o pai separada e separado ou divorciada e divorciado, con tres ou máis fillas ou fillos, sexan ou non comúns, aínda que estean en distintas unidades familiares ou non vivan no domicilio conxugal, sempre que estean baixo a súa dependencia económica.

- Dous ou máis irmáns orfos de nai e de pai sometidos a tutela, acollemento ou garda, que convivan coa persoa titora, acolledora ou gardadora, pero que non estean ás súas expensas.
- Tres ou máis irmáns orfos de nai e de pai, maiores de 18 anos (ou dous, se un deles é discapacitado), que convivan e teñan unha dependencia económica entre eles.
- Nai ou pai con dúas fillas ou fillos, cando falece a outra persoa proxenitora.

Para os efectos desta lei, entenderase por discapacitada aquela persoa que teña recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33 % e por incapaz para traballar aquela que teña reducida a súa capacidade de traballo nun grao equivalente ao da incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez.

Que requisitos se deben cumprir?

Residir legalmente no territorio español ou, se teñen a residencia noutro estado membro da Unión Europea ou que sexa parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que, como mínimo, unha das persoas ascendentes da unidade familiar exerza unha actividade por conta allea ou por conta propia en España.

As persoas nacionais doutros países terán dereito ao recoñecemento da condición de familia numerosa sempre que sexan residentes en España todas os membros que dean dereito aos beneficios recollidos na lei, nos termos establecidos na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, e a súa normativa de desenvolvemento.

As fillas ou fillos e irmás ou irmáns deben reunir as seguintes condicións:

- Seren persoas solteiras e menores de 21 anos ou persoas cunha discapacidade ou cunha incapacidade para o traballo. Amplíase a idade ata os 25 anos se cursan estudos axeitados á súa idade e titulación ou encamiñados á obtención dun posto de traballo.
- Conviviren coa persoa ascendente ou ascendentes.

- Dependieren economicamente das persoas ascendentes. Entenderase que mantén a dependencia económica cando:
 - obteña uns ingresos non superiores, en cómputo anual, ao IPREM vixente ou contribúa ao sostemento da familia, nos supostos establecidos na lei.
 - estea incapacitada ou incapacitado para o traballo e a contía da súa pensión, de percibila, non exceda, en cómputo anual, ao IPREM vixente, incluídas as 14 pagas, agás que percibise pensión non contributiva por invalidez, en cuxo caso non opera tal límite.

Que categorías hai?

- Especial: as familias de cinco ou máis fillas ou fillos e as de catro, sempre que tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Tamén se clasifican nesta categoría as unidades familiares con catro fillas ou fillos cando os seus ingresos anuais, divididos polo número de membros que as compoñen, non superen en cómputo anual o 75 % do IPREM vixente, incluídas as pagas extras.

- Xeral: as restantes unidades familiares.

Aos efectos de determinar a categoría das familias numerosas, cada filla ou fillo que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % ou teña reducida a súa capacidade para o traballo nun grao equivalente ao da incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez computará como dúas ou dous.

Cales son os beneficios?

- Deducións fiscais.
- Aplicación do tipo reducido no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, nas modalidades de transmisións patrimoniais onerosas e de actos xurídicos documentados para adquisición da vivenda habitual.

- Redución ou exención das taxas de inscrición nos procesos selectivos ou listas de contratación para persoal da administración da Xunta de Galicia.
- Bonificación do 45 % nas cotas á Seguridade Social para a contratación de persoas coidadoras ao servizo da familia.
- Incremento do límite de ingresos para ter dereito ás asignacións económicas da Seguridade Social por prestacións familiares.
- Ampliación do período considerado como cotizado e do de reserva do posto de traballo no caso de excedencia por coidado de fillas ou fillos.
- Reducións das taxas na expedición de títulos e de prezos nas matrículas no ámbito educativo.
- Preferencia na adxudicación de prazas nos centros públicos e nas convocatorias de bolsas de axuda ao estudo.
- Incremento do 20 % na categoría xeral e 50 % na especial para beneficiarias ou beneficiarios por infortunio familiar cuberto polo seguro escolar.
- Dereito ao subsidio por necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade para o transporte e comedor.
- Preferencia na adxudicación de prazas e redución ou exención, segundo os casos, nas tarifas a aboar nas escolas infantís públicas.
- Preferencia na convocatoria de axudas para a atención de nenas e nenos de 0-3 anos en escolas infantís non sostidas con fondos públicos, a través do cheque infantil.
- Redución dun 30 % sobre o prezo que resulte das estadías nas residencias de tempo libre da Consellería de Traballo e Benestar.
- Descontos nos prezos relativos ás actividades socioeducativas do programa acción de verán promovidas pola Consellería de Traballo e Benestar.
- Descontos nos campamentos para persoas con discapacidade organizados pola Consellería de Traballo e Benestar.
- Redución do 50 % no prezo de entrada aos museos de titularidade estatal.

- Preferencia nos programas de turismo e termalismo para persoas con discapacidade ou maiores da Consellería de Traballo e Benestar.
- Redución do 20 % para a categoría xeral e 50 % para a categoría especial da cota de aboamento dos participantes nas viaxes de turismo e quedas de termalismo para persoas con discapacidade subvencionados polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO).
- Beneficios no acceso á vivenda: tanto para a adquisición como para o alugamento de vivenda recollidos nos plans e programas de vivenda tanto estatais como autonómicos.
- Dedución do 50 % no canon da auga. A dedución na cota por familia numerosa só poderá obterse na vivenda principal. E, de ser o caso, tamén gozarán dunha dedución do 50 % no coeficiente de vertedura.
- Bono social ou tarifa eléctrica reducida: bonificación na factura eléctrica para persoas consumidoras domésticas.
- Tícket eléctrico social: axuda de ata 60 € ao semestre na factura eléctrica.
- Redución das tarifas de transporte por estrada (interurbano), ferrocarril, marítimo e aéreo (dependendo da categoría).
- Redución do 50 % no imposto de matriculación dos automóbiles con capacidade entre 5 e 9 prazas.
- Carné familiar galego.

É imprescindible ter o título de familia numerosa en vigor para ter dereito aos ditos beneficios.

Onde se solicita?

O título de familia numerosa solicítase na Dirección Xeral de Familia e Inclusión ou en calquera das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

Atención e asesoramento

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Familia e Inclusión: 981.957.242

Xefaturas territoriais:

A Coruña: 981.185.750

Lugo: 982.294.364

Ourense: 988.386.583

Pontevedra: 986.817.684

<http://www.familiasgalegas.org>

<http://traballoebenefitar.xunta.es>

Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020:

Recompilación de todas as actuacións que esta a realizar ou ten previsto realizar a Xunta de Galicia a favor das familias numerosas.

1.3. Carné familiar galego

Que é?

O carné familiar galego é unha tarxeta persoal e intransferible á disposición dos membros das familias numerosas coa que van obter vantaxes ou descontos nos establecementos colaboradores con este programa en Galicia.

O carné ten a mesma vixencia que o título de familia numerosa.

Que son as entidades colaboradoras?

Son persoas, empresas e entidades adheridas de xeito voluntario que acordan concederlles beneficios ás persoas posuídores do carné familiar, sempre en función do que determine cada establecemento colaborador.

A súa condición de entidade colaboradora farase mediante un adhesivo identificador, que deberá colocar nun lugar visible.

Atención e asesoramento

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Familia e Inclusión: 981.957.027

<http://www.familiasgalegas.org>

<http://traballoebenefestar.xunta.es>

1.4. Recoñecemento ou asimilación á categoría de descendente da filla ou fillo concibida ou concibido

Que é?

Consiste na asimilación a descendente da filla ou fillo concibida ou concibido, sempre que mediante a aplicación desta asimilación se obteña maior beneficio, de acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Quen se pode acoller?

Aquelas familias que con tal motivo adquieran a condición de familia numerosa e todas aquelas familias numerosas que por tal motivo cambien de categoría.

Que requisitos se deben cumprir?

- Residir en Galicia.
- Presentar unha solicitude para acollerse ao dito beneficio que virá acompañada dunha certificación médica que acredite o embarazo, así como toda a documentación establecida na regulamentación do recoñecemento de familia numerosa.

Que beneficios teñen as persoas beneficiarias?

Como esta asimilación ten valor unicamente na Comunidade Autónoma de Galicia, as persoas beneficiarias terán todos os beneficios autonómicos recoñecidos ás familias numerosas e, en especial, o carné familiar galego.

Atención e asesoramento

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Familia e Inclusión: 981.957.242

<http://www.familiasgalegas.org>

<http://traballoebenefestar.xunta.es>

1.5. Axudas a traballadores con redución de xornada laboral

Que é?

A axuda consiste nun pagamento único que será concedido a aqueles traballadores que se acollan a unha redución da súa xornada de traballo, cunha duración mínima de 60 días naturais ininterrompidos e un máximo de 8 meses comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2013, para coidar dunha filla ou fillo menor de 3 anos.

A idade do fillo ou da filla poderase ampliar ata os 12 anos no suposto de que a persoa menor padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33 %.

Tamén poderán acollerse a esta axuda os traballadores que adopten ou acollan unha persoa menor, nas modalidades de acollemento familiar permanente ou acollemento familiar preadoptivo. Para ter dereito a axuda non poderán ter transcorrido máis de tres anos desde a data da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción. En calquera caso o fillo ou a filla polo ou pola que se solicita a axuda terá que ser menor de 12 anos.

Quen se pode acoller?

As persoas beneficiarias destas axudas serán os homes que se acollan á redución de xornada e que sexan traballadores por conta allea, tanto da empresa privada como das administracións públicas, (con independencia de que o seu vínculo sexa laboral, funcional ou estatutario) e os socios das sociedades cooperativas que pertencen ao réxime xeral da Seguridade Social.

Do mesmo xeito, poderán ser tamén beneficiarias as familias monoparentais nas que a persoa solicitante, muller ou home, traballe por conta allea e se acolla á redución de xornada.

En ningún caso poderán beneficiarse os proxenitores privados da patria potestade das súas fillas ou fillos, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

Que requisitos se deben cumprir?

- Estar inscritos no padrón de calquera dos municipios integrados no territorio da Comunidade Autónoma galega, polo menos cun ano de antelación á presentación da solicitude de subvención.
- No caso das familias non monoparentais, a outra persoa membro da unidade familiar deberá ser traballadora por conta allea ou ben autónoma e manter esa situación durante todo o período subvencionado. Entenderase cumprido este requisito cando, habendo períodos non traballados, a suma destes non supere o 5 % do período subvencionado.
- Convivir coa filla ou fillo durante o período subvencionado.
- Que o período solicitado non coincida co permiso por maternidade nin calquera outro permiso, licenza ou excedencia para a mesma finalidade.

Cal é a súa contía?

Esta axuda concederase a través dun pagamento único en función da porcentaxe de redución de xornada laboral gozada, da duración desta e do número de fillas ou fillos a cargo da persoa solicitante.

As contías máximas son as que a continuación se relacionan:

Número de fillas ou fillos Redución xornada laboral	Unha filla ou un fillo a cargo	Dúas fillas ou dous fillos a cargo	Tres ou máis fillas ou fillos a cargo
Ata o 15 %	1.600 €	1.900 €	2.200 €
Superior ao 15 % e ata o 33,33 %	2.700 €	3.000 €	3.300 €
Superior ao 33,33 %	3.000 €	3.300 €	3.600 €

Estas contías son as máximas aplicables aos casos nos que a redución de xornada corresponda a unha persoa contratada a xornada completa e se estenda aos 8 meses (máximo período subvencionable). Cando a persoa que solicita a redución se atope contratada por unha xornada laboral de duración inferior, as contías das axudas diminuirán proporcionalmente. Do mesmo xeito, cando a redución de xornada teña unha duración inferior a 8 meses, as contías antes citadas reduciranse proporcionalmente.

Como se pode acceder a ela?

A regulación desta axuda lévase a cabo mediante orde anual que establece as bases e convocatoria para a concesión das axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo. É necesaria a presentación dunha instancia e a documentación que na dita orde se establece.

Atención e asesoramento

Presidencia da Xunta de Galicia

Secretaría Xeral da Igualdade: 881.999.163

<http://www.mulleresengalicia.es>


1.6. Exención de pagamento nas escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar

Que é?

Consiste nunha bonificación do 100 % do custo da praza nunha escola infantil dependente da Consellería de Traballo e Benestar, nos seguintes casos:

- familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais, a partir da segunda filla ou fillo que acuda á mesma escola infantil.
- familias acolledoras de persoas menores con medidas administrativas de tutela ou garda.

Esta bonificación encádrase dentro das actuacións previstas no Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.



2. Prestacións económicas da Seguridade Social

2.1. Prestación económica por parto ou adopción múltiple

Que é?

Trátase dunha axuda económica, de pagamento único, cando o número de fillas ou fillos que nacen nun parto ou que se adoptan simultaneamente sexa igual ou superior a dous.

Que requisitos se deben cumprir?

As persoas beneficiarias deben estar acollidas, tanto ao nivel contributivo como ao nivel non contributivo, ao sistema da Seguridade Social e residir legalmente en territorio español.

Cal é a súa contía?

O importe da axuda económica variará segundo o número de fillas ou fillos nados no parto ou adoptados. Para o ano 2014 son:

Dúas fillas ou fillos	4 x SMI*	2.581,20 €
Tres fillas ou fillos	8 x SMI	5.162,40 €
A partir da cuarta filla ou fillo	12 x SMI	7.743,60 €

* O salario mínimo interprofesional para o ano 2014 é de 645,30 €

É compatible con outras axudas?

Esta prestación é compatible con:

- a prestación por nacemento ou adopción de filla ou fillo nos supostos de familias numerosas, monoparentais e nais con discapacidade,
- o subsidio especial de maternidade por parto, adopción ou acollemento múltiple (ver permiso de maternidade),
- as asignacións económicas por filla ou fillo menor a cargo e,
- a pensión de orfandade e en favor de netos ou netas e irmáns ou irmás que, se é o caso, lle puidesen corresponder.

Atención e asesoramento

Instituto Nacional de la Seguridad Social (INSS)

Tel.: 900.166.565

<http://www.seg-social.es>

2.2. Prestación económica por filla, fillo ou por acollemento dunha ou dun menor a cargo

Que é?

É unha asignación económica para apoiar a situación que se produce por ter fillas, fillos e/ou persoas acollidas menores de 18 anos ao seu cargo ou maiores de 18 anos cunha discapacidade nun grado igual ou superior ao 65 %.

Que requisitos se deben cumprir?

- Residir legalmente no territorio español.
- Ter fillos, fillas ou persoas menores acollidas a cargo, menores de 18 anos ou maiores afectados por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 65 %.
- Non ter dereito a prestacións da mesma natureza en calquera outro réxime público de protección social
- Os ingresos da unidade familiar non superen a cantidade de 11.519,16 €. O límite de ingresos irá elevándose nun 15 % por cada filla, fillo, persoa menor acollida a partir da segunda. Non se esixe límite de ingresos para o recoñecemento da condición de persoa beneficiaria da asignación por fillo, filla ou persoa menor acollida a cargo con discapacidade.

No caso de familias numerosas, os seus ingresos anuais non serán superiores a 17.337,05 €, incrementándose en 2.808,12 € por cada filla, fillo, persoa menor acollida a cargo a partir da cuarta.

Non obstante, tamén poden ser persoas beneficiarias aquelas que perciban uns ingresos anuais de calquera natureza que, superando os importes indicados nos parágrafos anteriores, sexan inferiores á contía que resulte de sumar á dita cifra o produto de multiplicar o importe anual da asignación por fillo, filla ou persoa menor acollida polo número destes ou estas.

Como se calcula o límite de ingresos?

Se as persoas proxenitoras viven xuntas, téñense en conta os ingresos que tiveron as dúas no ano anterior, aínda que só unha das persoas cumpra os requisitos necesarios para pedir a axuda e ser persoa beneficiaria.

Se viven separadas, téñense en conta os ingresos percibidos durante o ano anterior pola persoa proxenitora, adoptante ou acolledora que teña a filla ou o fillo a cargo.

Cal é a súa contía?

PERSOA CAUSANTE	CONTÍA
Fillos, fillas ou menores de 18 anos acollidos sen discapacidade	291 €/ano (24,25 €/mes)
Fillos, fillas ou menores de 18 anos acollidos con unha discapacidade igual ou superior ao 33 %	1.000 euros/ano (500 euros semestrais)
Fillos ou fillas maiores de 18 anos cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %	4.390,80 euros/ano (365,90 euros mensuais)
Fillos ou fillas maiores de 18 anos cunha discapacidade igual ou superior ao 75 %	6.586,80 euros/ano (548,90 euros mensuais)

No caso de superar o límite inicial de ingresos (11.519,16 €), pode recibirse unha asignación reducida, que será a diferenza entre o límite máximo (11.810,16€) e os ingresos anuais da unidade familiar, sempre que non sexa inferior a 24,25 € anuais por cada filla ou fillo ou persoa menor acollida.

Beneficiarios

- as persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledoras que cumpran os requisitos establecidos.
- os fillos ou fillas con discapacidade maiores de 18 anos que non fosen incapacitados xudicialmente e conserven a súa capacidade de obrar son beneficiarios das prestacións que, por razón deles, poidan corresponderlle aos seus proxenitores ou adoptantes, previa solicitude e con audiencia de aqueles.

- as persoas menores orfas de de ambas persoas proxenitoras menores de 18 anos ou maiores desta idade cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, que teñan uns ingresos, incluída a pensión de orfandade, inferiores a 11.519,16 €,
- as persoas que cumprindo os requisitos de idade e discapacidade do parágrafo anterior fosen abandonadas polas persoas proxenitoras ou adoptantes sempre que non estean en acollemento familiar permanente ou preadoptivo.

Cando se trate de persoas menores non discapacitadas, orfas ou abandonadas, será requisito indispensable que os seus ingresos, incluída a pensión de orfandade, sexan inferiores a 11.519,16 €.

Que obrigas ten a persoa beneficiaria?

- Presentar antes do 1 de abril de cada ano unha declaración sobre os ingresos que tivo no ano anterior.
- Comunicar nun prazo máximo de 30 días aqueles cambios que afectan o dereito de percibir a axuda.

É incompatible con outras axudas?

- Coa pensión de xubilación ou invalidez na modalidade non contributiva.
- Coas pensións asistenciais.
- Cos subsidios de garantía de ingresos mínimos ou por axuda de terceira persoa, establecidos na Lei de integración social de minusválidos (LISMI).
- Con prestacións análogas establecidas nos restantes sistemas públicos de protección social.

No caso de que se teña dereito ás dúas, tense que elixir entre unha e outra.

Atención e asesoramento

Instituto Nacional de la Seguridad Social

Tel.: 900.166.565

<http://www.seg-social.es>

2.3. Prestación económica por nacemento ou adopción de fillas ou fillos, en supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade igual ou superior ao 65 %

Que é?

É unha axuda económica que se concede para cubrir a situación de necesidade ou de exceso de gasto por nacemento ou adopción de fillas ou fillos, sempre que non superen un determinado nivel de ingresos, nos seguintes supostos:

- familias numerosas ou que, con tal motivo, adquiran a dita condición,
- familias monoparentais,
- nais que padezan unha discapacidade igual ou superior ao 65 %.

Que requisitos se deben cumprir?

- Residir legalmente no territorio español.
- Non percibir ingresos anuais, de calquera natureza, superiores aos límites establecidos para ser persoa beneficiaria das asignacións económicas por filla ou fillo a cargo. Nos supostos de convivencia, se a suma dos ingresos das persoas proxenitoras ou adoptantes superase os límites establecidos, non se recoñecerá a condición de persoa beneficiaria a ningunha de elas.
- Non ter dereito, nin o pai nin a nai, a prestacións desta mesma natureza en calquera outro réxime público de protección social.

Cal é a súa contía?

A contía íntegra é de 1.000 €, nun pagamento único.

No caso de superar o límite inicial de ingresos (11.519,16 €) poderá recibirse unha axuda reducida, cuxa contía será a diferenza entre o límite máximo (12.519,16 €) e os ingresos da unidade familiar que solicita a axuda, sempre que non sexa inferior a 24,25 €.

É compatible con outras axudas?

Esta prestación é compatible con:

- A prestación por parto ou adopción múltiple.
- As asignacións económicas por filla, fillo ou persoa menor acollida a cargo.


- O subsidio especial de maternidade por parto múltiple.
- Calquera outra axuda análoga concedida por unha administración local ou autonómica.

Atención e asesoramento

Instituto Nacional de la Seguridad Social

Tel.: 900.166.565

<http://www.seg-social.es>

A large, solid green shape on the left side of the page, resembling a stylized letter 'C' or a bracket. It has a rounded top and bottom, and a vertical line extending downwards from the bottom. A horizontal line extends from the bottom of this shape across the page, ending in a rounded rectangle.

3. Permisos e excedencias

3.1. *Permiso de maternidade*

Que é?

É un período de descanso que ten toda traballadora ou traballador nos casos de parto, adopción ou acollemento, sen perder os seus dereitos salariais nin laborais.

Este permiso pode levar consigo unha prestación económica que recibe da Seguridade Social, chamada **subsídio por maternidade**, cuxo fin é cubrir a perda das rendas do traballo ou dos ingresos que sofren as traballadoras e traballadores, por conta allea ou por conta propia, cando se suspende o seu contrato ou se interrompe a súa actividade para gozar dos períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento, legalmente establecidos.

A prestación ascende ao 100 % da base reguladora pola que cotizou á Seguridade Social no mes anterior a aquel no que se iniciou o descanso.

Que situacións dan dereito ao permiso?

- O nacemento da filla ou fillo.
- A adopción e o acollemento, tanto o preadoptivo como o permanente e o simple de máis dun ano de:
 - ✓ Menores de 6 anos.
 - ✓ Maiores de 6 anos e menores de 18 con algunha dificultade especial para incorporarse con normalidade á familia. A dificultade pode producirse: pola súa situación física, psíquica ou sensorial; por circunstancias e experiencias persoais, ou por provir do estranxeiro, e debe ser apoiada polos servizos sociais correspondentes.

Como se dispón do permiso?

- Son 16 semanas ininterrompidas de duración, ampliables en 2 semanas máis no suposto de discapacidade da ou do menor, e no caso de parto, adopción ou acollemento múltiple, por cada menor a partir da ou do segundo.

- No caso de que ambos proxenitores traballen, a nai, ao inicio do permiso, decide e opta por conceder parte deste ao outro proxenitor, que poderá gozalo de forma simultánea ou sucesiva co da nai.
- No caso de parto biolóxico, a nai gozará sempre as primeiras 6 semanas.
- Nos casos de adopción ou acollemento, poderá ser gozado indistintamente, de forma ininterrompida, na súa totalidade, por calquera das dúas persoas proxenitoras.
- No caso de falecemento da persoa beneficiaria do permiso, a outra persoa proxenitora poderá facer uso da totalidade ou, se é o caso, da parte que reste do permiso.
- Nos casos de partos prematuros e naqueles nos que a persoa recen nada deba permanecer hospitalizada a continuación do parto, o período de descanso poderá computarse, a instancia da nai ou, no seu defecto, do outro proxenitor, a partir da data da alta hospitalaria. No caso de maternidade biolóxica, manterase o período de descanso obrigatorio de 6 semanas despois do parto. Se a hospitalización ten unha duración superior a 7 días, ampliarase a duración do permiso en tantos días como a persoa recen nada permaneza hospitalizada a continuación do parto, cun máximo de 13 semanas adicionais. E no caso de persoas incluídas no Estatuto básico do empregado público (EBEP), ampliarase a duración do permiso en tantos días como a persoa recen nada se atope hospitalizada, cun máximo de 13 semanas adicionais, con independencia da duración mínima do período de hospitalización e da súa causa.

Que requisitos se deben cumprir?

- Ser traballadora ou traballador por conta allea ou ben, se é unha persoa autónoma ou empregada do fogar, atoparse ao día no pagamento das correspondentes cotas á Seguridade Social.
- Estar afiliada á Seguridade Social e en alta ou situación asimilada, nalgún dos réximes do sistema.
- A persoa beneficiaria ten que acreditar os seguintes períodos mínimos de cotización:

- ✓ Se ten menos de 21 anos de idade na data do parto, adopción ou acollemento, non se esixirá período mínimo de cotización.
- ✓ Se ten entre 21 e 26 anos de idade, o período mínimo de cotización esixido será de 90 días cotizados dentro dos 7 anos inmediatamente anteriores ou ben 180 días cotizados ao longo de toda a súa vida laboral.
- ✓ As persoas maiores de 26 anos de idade, deben acreditar un período mínimo de cotización de 180 días dentro dos 7 últimos anos ou ben 360 días cotizados ao longo da súa vida laboral.

Nos casos de adopción, cando empeza a percibirse a prestación?

- Nos casos de adopción nacional e acollemento, comeza a partir do día da resolución ou decisión pola que se acorda a adopción ou o acollemento.
- Nos casos de adopción internacional, cando sexa necesario o desprazamento previo das persoas adoptantes ao país de orixe da nena ou do neno adoptada ou adoptado, a prestación pódese empezar a recibir ata 4 semanas antes de que se dite a resolución pola que se constitúa a adopción.
- Nos dous casos, para poder recibir a prestación é imprescindible que se goce o correspondente permiso ou descanso.

Existe algunha axuda económica especial para o caso de parto, adopción ou acollemento múltiple no permiso de maternidade?

Si, durante as 6 primeiras semanas tense dereito, ademais de recibir a prestación de maternidade, a unha prestación especial por cada filla ou fillo a partir da segunda ou do segundo igual á que corresponde recibir pola primeira ou polo primeiro.

Que pasa cando unha traballadora ou traballador está en paro?

Recibirá a prestación de maternidade pola cantidade que lle corresponda e, unha vez extinguida esta, continuará coa prestación por desemprego polo tempo que lle restara por gozar.

Hai algunha prestación para as nais traballadoras que non acrediten o período mínimo de cotización?

Si, se reúnen todos os requisitos establecidos para acceder á prestación por maternidade salvo o período mínimo de cotización, terán dereito a unha prestación económica por importe do 100 % do IPREM vixente en cada momento cunha duración de 42 días naturais a contar desde o parto. A dita prestación incrementárase en 14 días naturais nos casos de nacemento dunha filla ou dun fillo:

- Nunha familia numerosa.
- Nunha familia monoparental.
- Nun parto múltiple.
- Cando a nai, a filla ou o fillo estean afectados dunha discapacidade nun grao igual ou superior ao 65 %.

Que organismo é responsable da xestión da prestación?

O Instituto Nacional de la Seguridad Social (INSS) é o organismo encargado de xestionar a prestación.

Cal é o procedemento que deberá seguir a traballadora ou traballador?

Levar o parte de maternidade, que lle facilitarán os servizos médicos do SERGAS ou das Mutuas, xunto co resto da documentación necesaria ao INSS.

Nos casos de adopción ou acollemento, deberá aportar xunto coa solicitude a documentación que lle indiquen na oficina do INSS.

Atención e asesoramento

Instituto Nacional de la Seguridad Social

Tel.: 900.166.565

<http://www.seg-social.es>

3.2. *Permiso de paternidade*

Que é?

É un período de descanso que teñen os traballadores, nos casos de nacemento, adopción ou acollemento, sen perder os seus dereitos salariais nin laborais e con independencia do goce compartido dos períodos dos descansos por maternidade.

Este permiso pode levar consigo unha prestación económica da Seguridade Social para o traballador durante os días de suspensión do contrato de traballo, ou cese na actividade, no caso de nacemento dunha filla, dun fillo, adopción ou acollemento, chamado **subsídio por paternidade**. A prestación ascende ao 100 % da base reguladora pola que cotizou á Seguridade Social no mes anterior a aquel no que se iniciou o descanso.

Que situacións dan dereito ao permiso?

As mesmas que para o permiso de maternidade.

Que requisitos se deben cumprir?

- Ser traballadora ou traballador por conta allea ou ben se é unha persoa autónoma ou empregada do fogar, atoparse ao día no pagamento das correspondentes cotas á Seguridade Social.
- Estar afiliada á Seguridade Social e en alta ou situación asimilada.
- Acreditar un período mínimo de cotización: 180 días dentro dos 7 últimos anos ou ben 360 días cotizados ao longo da vida laboral.

Cal é o período máximo de duración?

- 13 días ininterrompidos, ampliables no suposto de parto, adopción ou acollemento múltiples en 2 días máis por cada filla ou fillo a partir da segunda ou do segundo, para aqueles traballadores e traballadoras suxeitos ao establecido no Estatuto de Traballadores.
- 15 días ininterrompidos para aquelas persoas suxeitas ao establecido no EBEP.
- 20 días cando o novo nacemento, adopción ou acollemento:
 - se produce nunha familia numerosa,

- a familia adquiere a condición de familia numerosa,
- se produce nunha familia na que existise previamente unha persoa con discapacidade.

Esta duración ampliarase no suposto de parto, adopción ou acollemento múltiples en dous días máis por cada filla, fillo ou persoa menor adoptada ou acollida a partir da segunda ou do segundo .

- 20 días cando a filla nada, o fillo nado ou a persoa menor adoptada ou acollida teña unha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Como se dispón do permiso?

- Exercerase durante o período comprendido desde a finalización do permiso por nacemento da filla ou fillo (2 días, como regra xeral, ou o que estableza o correspondente convenio colectivo) ou desde que se produza a resolución de adopción ou acollemento ata que finalice o permiso por maternidade; ou, senón, inmediatamente despois da finalización do permiso por maternidade.
- No suposto de parto, o permiso corresponde á outra persoa proxenitora.
- Nos supostos de adopción ou acollemento, será á elección das persoas interesadas. Non obstante, cando o descanso por maternidade sexa gozado na súa totalidade por unha das persoas proxenitoras, o dereito ao permiso por paternidade unicamente poderá ser exercido pola outra.

Como se xestiona a prestación?

O Instituto Nacional de la Seguridad Social (INSS) é o organismo encargado de xestionar a prestación.

Atención e asesoramento

Instituto Nacional de la Seguridad Social

Tel.: 900.166.565

<http://www.seg-social.es>

3.3. *Risco durante o embarazo e lactación natural*

Que é?

É a situación que se produce cando a traballadora está exposta, no desenvolvemento do seu traballo, a axentes, procedementos ou condicións de traballo que poidan influír negativamente na saúde desta, do feto ou da persoa lactante, e así o certifiquen os servizos médicos do SERGAS ou das Mutuas.

Que dereitos ten a traballadora nestes casos?

- A empresa debe adaptar as condicións ou o tempo de traballo da traballadora afectada ou destinala a desempeñar un posto de traballo diferente compatible co seu estado.
- Se iso non é posible, procederase á suspensión do contrato de traballo. A suspensión finalizará, no caso de risco durante o embarazo, cando se inicie a baixa por maternidade ou se produza a reincorporación da muller ao seu posto de traballo anterior ou a outro compatible co seu estado. En caso de risco durante a lactación natural, a suspensión finaliza no momento no que a filla ou o fillo cumpra 9 meses, salvo que a traballadora se reincorporara con anterioridade ao seu posto de traballo anterior ou a outro compatible coa súa situación.

Como se protexe ás traballadoras durante a suspensión do contrato nestas circunstancias?

Terán dereito a unha prestación económica que consiste nun subsidio do 100 % da súa base reguladora durante todo o tempo que dure a suspensión.

Atención e asesoramento

Empresa, comité de empresa, sindicatos, así como, o Instituto Nacional de la Seguridad Social ou a Mutua de AT e EP coa que teña concertada a empresa a cobertura das continxencias profesionais.

3.4. Redución da xornada laboral por lactación

En que caso se pide a redución da xornada por lactación?

Nos supostos de lactación da filla, fillo ou menor acollida ou acollido ata que cumpra 9 meses, entendéndose por lactación a alimentación da filla, fillo ou persoa menor.

Canto tempo pode estar a traballadora fóra do seu posto de traballo?

- A traballadora pode estar fóra do posto de traballo unha hora, que pode repartirse en dúas fraccións. A duración deste permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de parto, adopción ou acollemento múltiple.
- A persoa que exerza este dereito, pola súa vontade, pode:
 - Substituír este dereito por unha redución da súa xornada en media hora coa mesma finalidade.
 - Acumulalo en xornadas completas, nos termos previstos na negociación colectiva ou no acordo ao que chegue coa empresaria ou co empresario respectando, no seu caso, o establecido naquela.

Quen pode gozar deste permiso?

Este permiso constitúe un dereito individual das traballadoras e traballadores, pero só poderá ser exercido por unha das persoas proxenitoras no caso de que ambas traballen.

Quen decide en que momento da xornada vaise reducir o horario?

O traballador ou traballadora beneficiaria ten dereito a decidir o horario e a duración do permiso. Deberá avisar á empresa cunha antelación de 15 días, precisando a data de inicio e finalización do permiso.

Segue recibindo todo o seu salario?

Si, durante o tempo que dure o permiso por lactación segue recibindo todo o seu salario.

Atención e asesoramento

Empresa, comité de empresa, sindicatos.

3.5. Redución da xornada laboral por coidado de menores e outras persoas da familia

En que casos pode pedirse a redución de xornada laboral por coidado de menores e outras persoas familiares?

A traballadora ou traballador pode pedir esta redución de xornada, cando:

- teña a garda legal e o coidado directo dunha ou dun menor de 12 anos,
- teña a garda legal e o coidado directo dunha persoa maior de 12 anos con discapacidade física, psíquica ou sensorial, que non realice unha actividade retribuída,
- teña o coidado directo dunha persoa familiar ata o segundo grao de parentesco (avoas ou avós de ambos os dous cónxuxes, netas e netos, nai, pai, irmás ou irmáns, cónxuxe, fillas ou fillos, cuñadas ou cuñados, sogras ou sogros), que pola súa idade ou por ter un accidente ou padecer unha enfermidade, non poida valerse por si mesma e non traballe.

Canto tempo pode reducirse a xornada de traballo?

Como mínimo unha oitava parte da xornada e como máximo a metade.

Quen pode gozar deste permiso?

Calquera traballadora ou traballador que teña ao seu cargo a unha ou un menor, unha persoa con discapacidade ou unha persoa familiar nas circunstancias descritas.

Quen decide en que momento da xornada vaise reducir o horario?

A persoa traballadora, muller ou home, ten dereito a decidir o horario e a duración do permiso. Os convenios colectivos poderán establecer criterios para a concreción horaria desta redución de xornada, en atención aos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral da traballadora ou traballador e as necesidades produtivas e organizativas das empresas.

Deberá avisar á empresa cunha antelación de 15 días, precisando a data de inicio e finalización do permiso.

Segue recibindo todo o seu salario?

Non, redúceselle en proporción á parte da xornada que deixa de traballar.

As cotizacións realizadas durante os dous primeiros anos de redución de xornada por coidado de persoa menor e durante o primeiro ano de redución de xornada por coidado de persoa familiar ou con discapacidade, computaranse incrementadas ata o 100 % do que houbese cotizado a xornada completa de cara a futuras prestacións de Seguridade Social: xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, maternidade e paternidade.

Atención e asesoramento

Empresa, comité de empresa, sindicatos.

3.6. Redución de xornada por coidado de menores afectadas ou afectados por cancro ou outra enfermidade grave

Que é?

É un dereito polo cal os traballadores e traballadoras proxenitores, adoptantes ou acolletores poden reducir a súa xornada de traballo, coa diminución proporcional do salario, para o coidado, durante o tempo da súa hospitalización e tratamento continuado, das fillas, fillos ou persoas menores de idade ao seu cargo afectadas ou afectados por cancro ou por calquera enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de larga duración e requira a necesidade do seu coidado de maneira directa, continuada e permanente, ata que cumpra 18 anos.

Esta redución de xornada pode levar consigo unha prestación económica da Seguridade Social para compensar a perda de ingresos que sofren as persoas proxenitoras, adoptantes ou acolleadoras que reducen a xornada de traballo, coa conseguinte diminución do seu salario.

Cal é a súa contía?

A prestación consiste nun subsidio equivalente ao 100 % da base reguladora que estea establecida para a prestación de incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais e en proporción á redución que experimente a xornada de traballo.

Que requisitos se deben cumprir?

- Ser traballadora ou traballador por conta allea ou por conta propia.
- Estar afiliada á Seguridade Social e en alta nalgún dos réximes do sistema.
- Acreditar o período de cotización esixido para a prestación por maternidade.
- Atoparse ao día no pago das cotas, das que sexan responsables directos as traballadoras e traballadores.
- Reducir a xornada de traballo nun 50 % da súa duración, como mínimo, para dedicarse ao coidado directo, continuo e permanente da persoa menor.
- Que a persoa menor, causante da situación, estea afectado por cancro ou outra enfermidade grave (incluídas no listado do anexo do Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo).

Quen decide en que momento da xornada se vai reducir o horario?

A persoa traballadora, muller ou home, ten dereito a decidir o horario e a duración do permiso. Por convenio colectivo, poderanse establecer as condicións e supostos nos que esta redución de xornada se pode acumular en xornadas completas, así como, establecer criterios para a súa concreción horaria, en atención aos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral da traballadora ou traballador e as necesidades produtivas e organizativas das empresas.

Se dúas ou máis traballadoras ou traballadores da mesma empresa xerasen este dereito pola mesma persoa causante, a empresa poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas de funcionamento da empresa.

A persoa traballadora, agás forza maior, deberá avisar a empresa cunha antelación de 15 días, precisando a data de inicio e finalización do permiso.

Atención e asesoramento

Empresa, comité de empresa, sindicatos.

Instituto Nacional de la Seguridad Social

Tel.: 900.166.565

<http://www.seg-social.es>

3.7. Outros permisos

A traballadora ou traballador pode pedir outros permisos ou reducións da xornada e recibir o mesmo salario?

A traballadora ou traballador, logo de aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, por algún dos motivos e polo tempo que a continuación se relacionan:

- Teñen un permiso de 15 días naturais cando casan.
- Teñen 2 días de permiso polo nacemento dunha filla ou fillo e polo falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario dunha persoa familiar ata o segundo grao (avoas ou avós, netas ou netos, nai, pai, irmás ou irmáns, cónxuxe, fillas ou fillos, cuñadas ou cuñados, sogras ou sogros). Cando con tal motivo necesite facer un desprazamento, o prazo será de 4 días.
- A traballadora ou traballador poderá saír do seu traballo o tempo que necesite para a realización dos exames prenatais e das técnicas de preparación ao parto.
- A nai ou o pai terán dereito a ausentarse do traballo durante unha hora, nos casos de nacemento de fillas e fillos prematuras ou prematuros ou que, por calquera causa, deban permanecer hospitalizadas ou hospitalizados tras o parto. Así mesmo, terán dereito a reducir a súa xornada ata un máximo de dúas horas, coa diminución proporcional do salario.

A traballadora ou traballador terá dereito a adaptar a *duración e distribución da xornada de traballo para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral* nos termos que se establecen na negociación colectiva ou no acordo a que chegue coa empresa respectando, no seu caso, o previsto naquela. A tal fin, promoverase o emprego da xornada continuada, o horario flexible ou outros modos de organización do tempo de

traballo e dos descansos que permitan a maior compatibilidade entre o dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral das traballadoras e traballadores e a mellora da produtividade nas empresas.

O réxime e duración dos permisos dos empregadas e empregados públicos será o establecido na lexislación que lles é de aplicación.

Atención e asesoramento

Empresa, comité de empresa, sindicatos.

3.8. A excedencia

Que é unha excedencia?

É a situación na que a traballadora ou traballador por conta allea solicita á empresa a suspensión do contrato durante un período de tempo determinado, pero conservando o dereito preferente para reingresar na dita empresa.

Que situacións dan lugar a unha excedencia?

- Coidado de fillas e fillos menores de tres anos ou menores acollidas ou acollidos.
- Coidado de familiares ata o 2º grao.

A. Que é a excedencia por coidado dunha filla ou fillo menor de tres anos ou menores acollidas ou acollidos ?

É o permiso de traballo ao que ten dereito a traballadora ou traballador por un período máximo de 3 anos para coidar á filla ou fillo, sexa biolóxica ou biolóxico ou por adopción ou por acollemento (permanente ou preadoptivo aínda que sexan provisionais).

Desde que momento pode pedir esta excedencia?

Desde o nacemento da filla ou fillo ou desde que se fai firme a resolución ou decisión da adopción ou do acollemento.

Como afecta esta excedencia á traballadora ou traballador nos seus dereitos como tal?

- Non ten dereito a recibir ningún salario por parte da empresa.
- Resérvaselle o seu posto de traballo durante o primeiro ano da excedencia. No caso de familia numerosa, a reserva do seu posto manterase durante 15 ou 18 meses, segundo sexa de categoría xeral ou especial. Transcorrido o dito prazo resérvaselle un posto de traballo dentro do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente.
- O tempo de excedencia computa á hora de contar a antigüidade da traballadora ou traballador na empresa.
- Ten dereito a asistir a cursos de formación profesional aos que deberá chamalo a súa empresa, especialmente cando vaia a incorporase ao traballo.
- Esta excedencia pode gozarse de forma fraccionada.

Ten dereito a algunha prestación?

Si, ten dereito a unha prestación non económica da Seguridade Social por filla ou fillo a cargo consistente no dereito a que se consideren os tres primeiros anos da súa excedencia como tempo cotizado a efectos das prestacións por xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, maternidade e paternidade.

B. Cando se pode pedir a excedencia por coidado de persoas familiares?

Cando teña ao seu coidado directo a unha persoa familiar ata o segundo grao (avós ou avós, netas ou netos, nai, pai, irmás ou irmáns, cónxuxe, fillas ou fillos, cuñadas ou cuñados, sogras ou sogros), que pola súa idade, por ter un accidente ou padecer unha enfermidade ou discapacidade non poida valerse por si mesma e non desempeñe actividade retribuída.

De canto tempo pode ser esta excedencia?

Pode durar un tempo máximo de 2 anos, salvo que por negociación colectiva se amplíe.

Como afecta esta excedencia á traballadora ou traballador nos seus dereitos como tal?

- Non ten dereito a recibir salario ningún por parte da súa empresa.
- Resérvase o seu posto de traballo durante o primeiro ano de excedencia e despois resérvase un posto de traballo dentro do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente.
- Tense en conta o tempo de excedencia á hora de contar a antigüidade da traballadora ou traballador na empresa.
- Ten dereito a asistir a cursos de formación profesional aos que deberá chamalo a súa empresa, especialmente cando vaia volver a incorporarse ao traballo.
- Esta excedencia pode gozarse de forma fraccionada.

Ten dereito a algunha prestación?

Si, ten dereito a unha prestación non económica da Seguridade Social pola cal o primeiro ano de excedencia conta como tempo cotizado a efectos das prestacións por xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, maternidade e paternidade.

Atención e asesoramento

Empresa, comité de empresa, sindicatos.

4. Beneficios fiscais de ámbito galego

As medidas fiscais de apoio ás familias establécense a nivel do Estado e das CC.AA.

O Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, recolle todas as medidas fiscais, deducións e/ou bonificacións nas cotas ou gravames aplicables aos diferentes impostos, tanto na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas como no imposto sobre sucesións e doazóns e no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, para as familias que deban tributar en Galicia.

A. IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/guia-imposto-renda>

4.1. Dedución fiscal por nacemento ou adopción de fillas ou fillos

Que é?

Dedución na cota íntegra autonómica do imposto que calquera persoa residente na Comunidade Autónoma de Galicia pode practicar no período impositivo por cada filla ou fillo, nada ou nado ou adoptada ou adoptado, que conviva coa persoa contribuínte na data de devengo do imposto.

Cal é o importe a deducir?

No ano do nacemento ou adopción, pódense deducir as seguintes contías:

RENDA	PARTO/ADOPCIÓN	CONTÍA
Igual ou maior de 22.000,01 €	normal	300 €
	múltiple	360 €
Menor ou igual a 22.000 €		360 €

Esta contía incrementarase nun 20 % para as persoas contribuíntes residentes en municipios de menos de 5.000 habitantes e nos resultantes de procedementos de fusión ou incorporación.

En cantos períodos impositivos pode realizarse esta dedución?

No ano do nacemento ou adopción e esténdese aos dous anos ou períodos impositivos seguintes a este, sempre que a filla ou fillo conviva coa persoa contribuínte na data de devengo do imposto. Poderán deducirse as seguintes contías segundo os límites da renda establecidos:

RENDA	CONTÍA
Base minorada entre 22.001 € e 31.000 €	300 €
Base minorada menor ou igual a 22.000 €	360 €

Cando as fillas ou fillos que dean dereito á dedución convivan con ambas as dúas persoas proxenitoras ou adoptantes, a dedución practicarase por partes iguais na declaración de cada unha delas.

Atención e asesoramento

Axencia Estatal de Administración Tributaria

Tel.: 901.200.345 / 901.335.533

<http://www.agenciatributaria.es>

4.2. Dedución por familia numerosa

Que é?

É unha dedución á que se poden acoller as persoas contribuíntes que teñan o título de familia numerosa en vigor na data de devengo do imposto.

Cal é o importe a deducir?

Para as familias numerosas de categoría xeral	250 €
Para as familias numerosas de categoría especial	400 €

A dedución será de 500 e 800 € respectivamente cando algunha ou algún dos cónxuxes ou persoas descendentes ás que lles sexa aplicable o mínimo persoal e familiar do imposto teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.

Atención e asesoramento

Axencia Estatal de Administración Tributaria

Tel.: 901.200.345 / 901.335.533

<http://www.agenciatributaria.es>

4.3. Dedución por acollemento

Que é?

É unha dedución á que se poden acoller as persoas contribuíntes que teñan formalizado un acollemento familiar simple, permanente, provisional ou preadoptivo dunha ou dun menor, sen relación de parentesco, durante o período impositivo.

Non dará lugar a esta dedución o suposto de acollemento preadoptivo cando se producise a adopción da persoa menor durante o período impositivo.

Cal é o importe a deducir?

Convivencia igual ou superior a 183 días	300 € por cada menor acollida ou acollido
Convivencia inferior a 183 días e superior a 90 días	150 € por cada menor acollida ou acollido

Cando sexan dúas persoas contribuíntes (matrimonio ou parellas de feito inscritas no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia) beneficiarias desta dedución e opten por

declaración individual, o importe da dedución ratearase por partes iguais na declaración de cada unha de elas.

Atención e asesoramento

Axencia Estatal de Administración Tributaria

Tel.: 901.200.345 / 901.335.533

<http://www.agenciatributaria.es>

4.4. Dedución por coidado de fillas ou fillos de tres ou menos anos de idade

Que é?

É unha dedución que poden practicar as persoas contribuíntes que, por motivos de traballo por conta propia ou allea, teñan que deixar as súas fillas ou aos seus fillos menores ao coidado dunha persoa que teña a condición de empregada do fogar ou en escolas infantís 0-3 anos.

Cal é o importe a deducir?

Poderanse deducir o 30 % das cantidades satisfeitas no período, co límite máximo de 400 €. Cando máis dunha persoa contribuínte teña dereito á aplicación desta dedución, o seu importe ratearase entre elas.

Que requisitos se deben cumprir?

- Que as fillas ou fillos convivan coa persoa contribuínte e teñan tres ou menos anos de idade no momento do devengo do imposto.
- Que ambos proxenitores realicen unha actividade por conta propia ou allea e estean dados de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou Mutualidade.
- Que no suposto de que a dedución sexa aplicable por gastos dunha persoa empregada do fogar, esta estea dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

- Que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar non exceda de 22.000 € en tributación individual e 31.000 € en tributación conxunta.

Atención e asesoramento

Axencia Estatal de Administración Tributaria

Tel.: 901.200.345 / 901.335.533

<http://www.agenciatributaria.es>

4.5. Dedución por suxeitos pasivos con discapacidade, de idade igual ou superior a 65 anos, que precisen a axuda de terceiras persoas

Que é?

Unha dedución para as persoas contribuíntes de idade igual ou superior a 65 anos afectadas por un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 % e que acrediten a necesidade de axuda de terceiras persoas.

Cal é o importe a deducir?

Poderán deducir o 10 % das cantidades satisfeitas a terceiras persoas encargadas da súa atención, cun límite máximo de 600 €.

Que requisitos se deben cumprir?

- Que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar non exceda de 22.000 € en tributación individual e de 31.000 € en declaración conxunta.
- Que se acredite a necesidade da axuda de terceiras persoas.
- Que a persoa contribuínte non sexa usuaria das residencias públicas ou concertadas da Comunidade Autónoma de Galicia ou se beneficie do cheque asistencial da Xunta de Galicia.

Atención e asesoramento

Axencia Estatal de Administración Tributaria

Tel.: 901.200.345 / 901.335.533

<http://www.agenciatributaria.es>

4.6. Dedución por gastos dirixidos ao emprego de novas tecnoloxías nos fogares galegos

Que é?

É unha dedución que poderán facer as persoas contribuíntes que accedan durante o período impositivo a Internet mediante a contratación de liñas de alta velocidade.

Cal é o importe a deducir?

Poderán deducir o 30 % das cantidades satisfeitas no concepto de cota de alta e cotas mensuais, cun límite máximo de 100 €.

Que requisitos se deben cumprir?

- Só poderá aplicarse no exercicio no que se subscribe o contrato de conexión ás liñas de alta velocidade.
- A liña de alta velocidade contratada estará destinada ao uso exclusivo do fogar e non estará vinculada ao exercicio de calquera actividade empresarial ou profesional.
- Non será aplicable se o contrato de conexión supón simplemente un cambio de compañía prestadora do servizo e o contrato coa compañía anterior se realizou noutro exercicio.
- Non será aplicable cando se contrate a conexión a unha liña de alta velocidade e a persoa contribuínte manteña, asemade, outras liñas contratadas en exercicios anteriores.
- O límite máximo da dedución aplícase respecto de todas as cantidades satisfeitas durante o exercicio, ben correspondan a un só contrato de conexión ou ben a varios que se manteñan simultaneamente.

Atención e asesoramento

Axencia Estatal de Administración Tributaria

Tel.: 901.200.345 / 901.335.533

<http://www.agenciatributaria.es>

4.7. Dedución por alugamento da vivenda habitual

Que é?

É unha dedución do 10 % das cantidades satisfeitas ao longo do período impositivo en concepto de alugamento da vivenda habitual, cun límite de 300 € por contrato de arrendamento.

Que requisitos se deben cumprir?

- A persoa debe ter 35 anos ou menos na data de devindicación do imposto. No caso de tributación conxunta o requisito de idade haberá de cumprilo, como mínimo, unha das persoas cónxuxes ou, se é o caso, a nai ou o pai.
- O contrato de alugamento debe ser posterior ao 1 de xaneiro de 2003.
- Deberase ter constituído o depósito da fianza a que se refire o artigo 36.1 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, no Instituto Galego da Vivenda e Solo.
- A base impoñible non debe superar os 22.000 €.
- Cando dúas persoas teñan dereito a aplicación da dedución, o importe desta ratéase por partes iguais na declaración de cada unha delas.

Atención e asesoramento

Axencia Estatal de Administración Tributaria

Tel.: 901.200.345 / 901.335.533

<http://www.agenciatributaria.es>

4.8. Dedución por creación de novas empresas ou a ampliación de actividade de empresas de recente creación

Que é?

É unha dedución do 20 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de

sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, anónimas laborais ou limitadas laborais, cun límite de 4.000 €, sempre que cumpran os requisitos establecidos no Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado.

Atención e asesoramento

Axencia Estatal de Administración Tributaria

Tel.: 901.200.345 / 901.335.533

<http://www.agenciatributaria.es>

4.9. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento

Que é?

Poderán deducir na cota íntegra autonómica e cun límite conxunto de 20.000 euros, as seguintes cantidades:

- 20 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de capital social como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas.
- Con respecto ás mesmas entidades, poderase deducir o 20 % das cantidades prestadas durante o exercicio, así como das cantidades garantidas persoalmente pola persoa contribuínte, sempre que o préstamo se outorgue ou a garantía se constitúa no exercicio en que se proceda á constitución da sociedade ou á ampliación do capital desta.

Atención e asesoramento

Axencia Estatal de Administración Tributaria

Tel.: 901.200.345 / 901.335.533

<http://www.agenciatributaria.es>

4.10. Dedución por investimento en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista

Que é?

É unha dedución do 15 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de accións como consecuencia de acordos de ampliación de capital subscritos por medio do segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista, aprobado por acordo do Consello de Ministros do 30 de decembro de 2005, cun límite de 4.000 euros.

Atención e asesoramento

Axencia Estatal de Administración Tributaria

Tel.: 901.200.345 / 901.335.533

<http://www.agenciatributaria.es>

B. IMPOSTO SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓN

<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/guia-imposto-sucesions-doazons>

Que é?

É un tributo que grava os incrementos patrimoniais obtidos a título lucrativo por persoas físicas, normalmente como consecuencia de herdanzas e doazóns, así como dos seguros de vida nos que o contratante sexa persoa distinta á beneficiaria.

Para estes efectos, equipáranse ao matrimonio as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces, que convivan coa intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e que a inscriban no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio.

É incompatible con outros impostos?

Este tributo é incompatible co imposto sobre a renda das persoas físicas, polo que a renda gravada polo imposto de sucesións non se someterá ao IRPF.

Cales son os beneficios máis significativos?

Os beneficios máis importantes son os que a continuación se relacionan:

✓ *Nas sucesións*

- Establécense *reducións por parentesco* (van dende un límite máximo de 1.500.000 € para persoas descendentes e adoptadas de menos de 21 anos, ata os 8.000 € para as persoas colaterais de segundo e terceiro grao, e persoas ascendentes ou descendentes por afinidade) e *por discapacidade* (van dende os 150.000 € para o grao de discapacidade entre o 33 % e inferior ao 65 %, ata o 100 % da base impoñible cando o suxeito pasivo teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, sexa familiar de primeiro grao e cun patrimonio preexistente non superior a 3.000.000 €).
- Na adquisición da vivenda habitual, a redución establécese en función do valor real do inmovible, sempre que sexa adquirida por persoas descendentes, adoptadas, ascendentes ou adoptantes e colaterais que sexan maiores de 65 anos e vivisen coa persoa causante os dous anos anteriores ao falecemento, e a manteñan durante os 5 anos seguintes ao devengo do imposto. As reducións, cun límite de 600.000 €, van dende o 95 % ata o 100 % cando a adquisición corresponda á persoa cónxuxe.
- Reducións, que poden acadar o 99 % do valor: dunha empresa individual ou dun negocio profesional, de participacións en entidades ou de dereitos de usufruto sobre estes, dunha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre esta e de elementos dunha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes.
- Reducións, que poden acadar o 95 % do valor, pola adquisición de leiras rústicas incluídas na Rede Galega de Espazos Protexidos.

- Dedución por parentesco do 100 % do importe da cota tributaria nas adquisicións realizadas por persoas descendentes ou adoptadas, cónxuxes, ascendentes ou adoptantes cuxa base imponible sexa igual ou inferior a 125.000 €. E, en todo caso, dedución do 99 % no importe da dita cota, para persoas descendentes e adoptadas menores de 21 anos en todas as adquisicións e incluso das cantidades percibidas de seguros de vida.

✓ *Nas doazóns:*

- Reducións do 95 % na base imponible na doazón de diñeiro, non superior aos 60.000 €, destinada á adquisición dunha vivenda habitual en Galicia, polas persoas descendentes menores de 35 anos ou mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Reducións, que poden acadar o 99 % do valor: pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades; pola adquisición de explotacións agrarias ou leiras forestais que formen parte de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotados de personalidade xurídica.
- Reducións do 95 %, cun límite de 118.750 €, nas transmisións mortis causa e inter vivos, a menores de 35 anos, de diñeiro destinado á constitución dunha empresa ou negocio profesional. No caso de que o causahabente ou donatario acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % o límite duplicarase.

Atención e asesoramento

<http://www.atriga.es/web/atriga/>

C. IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS

<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/guia-imposto-actos-xuridicos>

Na aplicación destes beneficios, os conceptos de vivenda habitual, adquisición de vivenda habitual e de unidade familiar serán os contemplados na normativa reguladora do IRPF.

De acordo co Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, poden establecerse requisitos específicos.

✓ *Nas transmisións patrimoniais onerosas*

Na transmisión de inmobles, así como a constitución e cesión de dereitos reais que recaian sobre bens inmobles, agás os dereitos reais de garantía, aplicase un tipo impositivo do 10 %, establecéndose os seguintes beneficios:

- Aplicación dun gravame do 8 %, ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual da persoa contribuínte, sempre que a suma do seu patrimonio e a dos demais membros da unidade familiar non supere os 200.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada persoa membro da unidade familiar que exceda da primeira.
- Aplicación dun tipo gravame do 4 %, ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual da persoa contribuínte afectada por unha discapacidade cun grao igual ou superior ao 65 %.
- Aplicación dun tipo de gravame do 4 %, ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual da persoa contribuínte, cando na data de devengo do imposto sexa membro dunha familia numerosa e non superen os 400.000 € de

patrimonio, máis 50.000 € por cada persoa membro superior ao mínimo para obter a condición de familia numerosa.

- Aplicación dun tipo de gravame do 4 %, ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual da persoa contribuínte, cando na data de devengo do imposto teña unha idade inferior a 36 anos.
- Bonificación e deducións na cota íntegra para os seguintes supostos:
 - Bonificación na cota do 100 % para aqueles arrendamentos de vivenda que se realicen entre particulares con intermediación do IGVS ao abeiro do Programa de fomento do aluguer.
 - Dedución na cota do 100 % no suposto de arrendamento de terreos rústicos.
 - Dedución na cota do 100 % na adquisición de parcelas forestais que formen parte da superficie de xestión ou comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotados de personalidade xurídica.
 - Dedución na cota do 95 % nas transmisións en propiedade ou cesión temporal de predios integrantes do Banco de Terras de Galicia.
 - Bonificación na cota do 50 % nas operacións derivadas do Plan de dinamización económica de Galicia previsto para as áreas da Costa da Morte ou de dinamización prioritaria de Lugo e Ourense.
 - Dedución na cota do 92,5 % na primeira concesión ou autorización administrativa relativa ás enerxías renovables.

✓ *Nos actos xurídicos documentados*

Nas primeiras copias de escrituras ou actas notariais suxeitas á modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, aplícase un tipo impositivo do 1,5 %, establecéndose os seguintes beneficios en aquelas que


documenten a primeira adquisición da vivenda habitual ou a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados ao seu financiamento:

- Aplicación dun tipo de gravame do 1 %, cando, na data de devengo do imposto, a suma do patrimonio da persoa contribuínte e o dos demais membros da unidade familiar non supere os 200.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada persoa membro que exceda da primeira.
- Aplicación dun tipo gravame do 0,5 %, cando, na data de devengo do imposto, a persoa contribuínte estea afectada por unha discapacidade cun grao igual ou superior ao 65 %.
- Aplicación dun tipo de gravame do 0,5 %, cando na data de devengo do imposto a persoa contribuínte sexa membro dunha familia numerosa e non superen os 400.000 € de patrimonio, máis 50.000 € por cada persoa membro superior ao mínimo para obter a dita condición.
- Aplicación dun tipo de gravame do 0,5 %, cando a persoa contribuínte, na data de devengo do imposto, teña unha idade inferior a 36 anos.
- Deducións e bonificacións na cota íntegra para os seguintes supostos, sempre que se cumpran os requisitos establecidos:
 - Bonificación dun 50 % na cota das primeiras copias de escrituras e actas notariais mentres conteñan actos ou contratos relacionados con vivendas protexidas.
 - Bonificación do 75 % na cota das escrituras públicas outorgadas para formalizar a declaración de obra nova ou a división horizontal de edificios destinados a vivendas de aluguer.
 - Dedución na cota do 100 % na adquisición de predios forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotados de personalidade xurídica.

- Bonificación na cota do 50 % nas operacións derivadas do Plan de dinamización económica de Galicia previsto para ás áreas da Costa da Morte ou de dinamización prioritaria de Lugo e Ourense.
- Dedución do 100 % da cota para a constitución de préstamos ou créditos destinados á cancelación doutros préstamos ou créditos hipotecarios que foran destinados ao financiamento da adquisición dunha vivenda habitual.
- Dedución do 100 % da cota nas operacións de subrogación e modificación de préstamos e créditos hipotecarios para o investimento na vivenda habitual.
- Dedución do 100 %, cun límite de 1.500 €, nas adquisicións de locais de negocios que se destinen á constitución dunha empresa ou negocio profesional.
- Dedución do 100 %, cun límite de 1.500 €, na constitución de préstamos e créditos hipotecarios concedidos para o financiamento das adquisicións de locais de negocios que se destinen á constitución dunha empresa ou negocio profesional.

Atención e asesoramento

<http://www.atriga.es/web/atriga/>



5. Medidas e benefícios fiscais de âmbito estatal



A. IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS (IRPF)

O goberno do estado ten prevista unha reforma do IRPF, co propósito de mellorar a equidade e favorecer o crecemento económico. Dentro das reformas destacaremos:

- Elevación dos mínimos das rendas non sometidas a tributación.
- Establecemento dun tratamento fiscal máis equitativo das circunstancias persoais e familiares da persoa contribuínte, mediante unha elevación das contías do mínimo persoal (con carácter xeral pasa a 5.550 €) e familiar (tanto por persoas descendentes, persoas ascendentes e/ou discapacidade), que non se someten a tributación.
- Establécense unhas novas deducións para aplicar ás figuras de protección social, que a continuación se relacionan:
 - ✓ familias con fillas ou fillos dependentes ou con discapacidade,
 - ✓ familias con persoas ascendentes dependentes con discapacidade,
 - ✓ familias numerosas, de categoría xeral ou especial.

A dedución por cada figura será de ata 1.200 euros anuais, agás por familia numerosa de categoría especial, que será de 2.400 euros.

Aínda así, para a declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas a realizar no ano 2014, as reducións e deducións de apoio ás familias son as que se enumeran a continuación.

5.1. Redución por tributación conxunta

Que é?

Son reducións da base impoñible xeral que se aplican para obter a base liquidable xeral. En todo caso, a base impoñible xeral nunca poderá resultar negativa como consecuencia das ditas reducións.

Cales son?

- ✓ Redución de 3.400 € que se aplicará nas declaracións conxuntas de unidades familiares integradas por ambos cónxuxes non separados legalmente e, se os houbera, as fillas ou fillos menores que convivan, así como as persoas maiores de idade incapacitadas xudicialmente suxeitas á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- ✓ Redución de 2.150 € que se aplicará nas declaracións conxuntas de unidades familiares monoparentais (persoas solteiras, viúvas, separadas legalmente ou divorciadas con todas as fillas ou fillos que convivan, menores de idade e/ou maiores incapacitadas ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada).

Atención e asesoramento

Axencia Estatal de Administración Tributaria

Tel.: 901.200.345 / 901.335.533

<http://www.agenciatributaria.es>

5.2. Mínimo persoal e familiar

Que é?

O mínimo persoal e familiar é a adecuación do imposto ás circunstancias persoais e familiares da persoa contribuínte. Constitúe a parte da base liquidable que, por destinarse a satisfacer as necesidades básicas persoais e familiares da persoa contribuínte, non se somete a tributación.

O mínimo persoal e familiar é o resultado de sumar as contías correspondentes aos mínimos da persoa contribuínte e os mínimos por persoas descendentes, por persoas ascendentes e por discapacidade (tanto da persoa contribuínte como das persoas ascendentes e/ou descendentes).

Cal é o mínimo da persoa contribuínte?

É a valoración que fai o Estado, a efectos do IRPF, de canto lle costa a unha persoa cubrir as súas necesidades vitais mínimas. Esta contía non se considera renda dispoñible e non se somete a tributación. Con carácter xeral, será de 5.151 €, incrementándose en 918 € para os maiores de 65 anos e adicionalmente en 1.122 € para os maiores de 75 anos.

Cal é o mínimo por persoas descendentes?

Terán a consideración de persoas descendentes: as fillas ou os fillos, as netas ou os netos, as bisnetas ou os bisnetos, etc., que descendan da persoa contribuínte e que estean unidas ou unidos por vínculo de parentesco en liña directa por consanguinidade ou por adopción. Tamén asimílanse a persoas descendentes aquelas vinculadas á persoa contribuínte por razón de tutela ou acollemento permanente ou preadoptivo.

Para poder aplicarse o dito mínimo, as persoas descendentes deben cumprir os seguintes requisitos:

- ser menores de 25 anos, salvo que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 %,
- convivir coa persoa contribuínte,
- non ter rendas superiores a 8.000 €/anuais, excluídas as exentas,
- non presentar independentemente a declaración do IRPF con rendas superiores a 1.800 €.

Mínimo por persoas descendentes	
Pola primeira filla ou polo primeiro fillo	1.836 €
Pola segunda filla ou polo segundo fillo	2.040 €
Pola terceira filla ou polo terceiro fillo	3.672 €
Pola cuarta filla ou polo cuarto fillo e posteriores	4.182 €

Cando a persoa descendente é menor de 3 anos este mínimo increméntase en 2.244 €. Nos supostos de adopción ou acollemento, o dito aumento producirase no período impositivo no que se inscriba no Rexistro Civil e nos dous anos seguintes.

Cal é o mínimo por persoa ascendente?

Terán a consideración de persoas ascendentes: as nais ou os pais, as avoas ou os avós, as bisavoas ou os bisavós, etc., de quen descenda a persoa contribuínte e que estean unidas ou unidos por vínculo de parentesco en liña directa por consanguinidade ou por adopción.

Para poder aplicarse o dito mínimo as persoas ascendentes deben cumprir os seguintes requisitos:

- ser maior de 65 anos ou, calquera que sexa a súa idade, que se trate dunha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %,
- convivir coa persoa contribuínte, polo menos, a metade do período impositivo, (Entre outros casos, considerarase que conviven coa persoa contribuínte as persoas ascendentes con discapacidade que, dependendo desta, sexan internadas en centros especializados.)
- non ter rendas anuais, excluídas as exentas, superiores a 8.000 €,
- non presentar independentemente a declaración do IRPF con rendas superiores a 1.800 €.

Mínimo por persoas ascendentes	
Por persoas ascendentes maiores de 65 anos e persoas discapacitadas	918 €
Por persoas ascendentes de máis de 75 anos	2.040 €

Cal é o mínimo por discapacidade?

Terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % mediante certificado ou resolución emitida polo organismo correspondente. Tamén, asimílanse:

- ✓ cun grao igual ou superior ao 33 %: as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez e, no caso de pensionistas de clases pasivas, que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- ✓ cun grao superior ao 65 %: as persoas cuxa incapacidade sexa declarada xudicialmente.

Mínimos por discapacidade da persoa contribuínte e das persoas descendentes e/ou ascendentes	
Por discapacidade entre o 33 % e o 64 %	2.316 €
Por discapacidade <65 % e acreditación de mobilidade reducida ou necesidade dunha terceira persoa	4.632 €
Por discapacidade ≥ 65 %	9.354 €

Atención e asesoramento

Axencia Estatal de Administración Tributaria

Tel.: 901.200.345 / 901.335.533

<http://www.agenciatributaria.es>

5.3. Dedución por maternidade para mulleres traballadoras con fillas ou fillos menores de 3 anos

Que é?

Dedución dirixida a mulleres con fillas ou fillos menores de 3 anos, que realicen unha actividade por conta propia ou allea para a que estean dadas de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutuality.

Contía

A dedución por maternidade será de ata 1.200 euros anuais por filla ou fillo e pode facerse efectiva de dúas formas:

- ✓ percibindo de forma anticipada, mediante transferencia bancaria, 100 euros ao mes por filla ou fillo a cargo ata que cumpra os tres anos de idade,
- ✓ ou aplicando unha dedución de 1.200 € na declaración do IRPF.
- ✓ Terá como límite as cotizacións e cotas totais á Seguridade Social e Mutualidades en cada período impositivo con posterioridade ao nacemento, adopción ou acollemento.
- ✓ No caso de adopción ou acollemento, a dedución aplicarase, con independencia da idade da ou do menor, nos tres anos posteriores á inscrición no Rexistro Civil ou da correspondente resolución xudicial ou administrativa.

Que requisitos se deben cumprir?

- Ter fillas ou fillos menores de 3 anos, con dereito á aplicación do mínimo por persoas descendentes
- Ter un traballo por conta allea ou propia, para o que estean dadas de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou Mutualidade.

Atención e asesoramento

Axencia Estatal de Administración Tributaria

Tel.: 901.200.345 / 901.335.533

<http://www.agenciatributaria.es>

B. OUTRAS MEDIDAS

5.4. Bono social ou tarifa último recurso

Que é?

A TUR é o prezo regulado polo Goberno para o abastecemento obrigatorio ás persoas consumidoras domésticas que non queren ou non poden buscar outras ofertas no mercado.

Contía

É a que resulte de aplicar ao prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC) un desconto do 25 % en todos os termos que o compoñen.

Quen se beneficia?

Poderán acollerse ao bono social na factura eléctrica, aquelas persoas consumidoras que:

- teñan contratada unha potencia inferior a 3 Kw na súa primeira vivenda,
- pensionistas con 60 ou máis anos que perciban a pensión mínima por xubilación, incapacidade permanente ou por viuvez,
- fogares con todos os seus membros en paro,
- familias numerosas.

En todos os casos, a renda do cabeza de familia non debe superar o 120 % do salario mínimo interprofesional, é dicir, 10.841 € anuais. Ademais, a segunda persoa con ingresos da mesma familia non poderá superar o 70 % do dito salario (7.588 €) e a terceira e seguintes o 50 %, 5.420 €.

Como se solicita?

No caso da clientela con potencia contratada inferior a 3 KW a súa inclusión é automática. O resto das persoas consumidoras con dereito deben solicitalo á súa comercializadora mediante correo ordinario, fax ou correo electrónico e acreditar que é pensionista, familia numerosa ou que todos os membros da familia están en situación de desemprego.

Cales son as empresas comercializadoras que poden ofertar o PVPC?

Actualmente, as comercializadoras de referencia (que ofertan a nova PVPC) son:

- Endesa Energía XXI, S.L.U.
- Iberdrola Comercialización de Último Recurso, S.A.U.
- Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.
- EON Comercializadora de Último Recurso, S.L.
- EDP Comercializadora de Último Recurso, S.A.

Atención e asesoramento

As empresas comercializadoras.

Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo

Tel.: 913 494 640 | 902 446 006

<http://www.minetur.gob.es/energia/Tur/Paginas/Index.aspx>

5.5. Programas de incentivos ao vehículo eficiente (PIVE)

Que é?

É un programa cuxa finalidade é a substitución de vehículos, turismos e comerciais lixeiros, con máis de 10 anos e 7 anos de antigüidade, respectivamente, por modelos de alta eficiencia enerxética, de menor consumo de combustibles e emisións de CO₂.

Os vehículos que se adquiran, susceptibles de acollerse a estes incentivos, deberán ser novos e cumprir, entre outros, os seguintes requisitos:

- ✓ Vehículos de turismo (categoría M1):
 - Convencionais, híbridos, híbridos enchufables e eléctricos de autonomía estendida clasificados como clase A ou B na “Base de datos do IDAE de consumo de carburantes e emisións de CO₂ de coches novos”.
 - Eléctricos puros.

- Propulsados por motores de combustión interna que poidan utilizar combustibles fósiles alternativos (autogás –GLP- e gas natural) que figuren na dita base de datos e, ademais, acrediten contar con emisións de CO₂ homologadas non superiores a 160 g/km (gramos por quilómetro).
- ✓ Vehículos comerciais ligeros (categoría N1):
 - Convencionais, híbridos, híbridos enchufables e eléctricos de autonomía estendida propulsados total ou parcialmente por medio de motores de combustión interna de gasolina, gasóleo, GLP e gas natural que, ademais, acrediten contar con emisións de CO₂ homologadas non superiores a 160 g/km (gramos por quilómetro).
 - Eléctricos puros.
- ✓ Vehículos turismos (M1) e comerciais (N1) con emisións de CO₂ iguais ou inferiores a 120 g/km clasificados como clase A, B, C o D, na “Base de datos do IDAE de consumo de carburantes e emisións de CO₂ de coches novos”.
- ✓ Só nos casos de que a persoa solicitante, persoa física, sexa integrante de familia numerosa e o vehículo estea dotado con máis de cinco prazas ou sexa unha persoa con discapacidade que acredite mobilidade reducida e que adquira un vehículo adaptado ou que se adapte para a súa condución, os vehículos turismos (M1) poderán estar clasificados como clase A, B e C na dita base de datos.
- ✓ O prezo dos vehículos adquiridos, antes do IVE, non pode ser superior aos 25.000 € ou 30.000 € nos casos contemplados no parágrafo anterior, excepto para os vehículos eléctricos, híbridos enchufables e de autonomía estendida.

Cal é a súa contía?

A contía son 2.000 €, aportados a partes iguais pola empresa fabricante ou importadora, antes dos impostos, e polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, despois dos impostos. As familias numerosas e as persoas con discapacidade que acrediten mobilidade

reducida recibirán 3.000 € de subvención para vehículos (M1), dos cales 1.500 € serán achegados polo Ministerio.

Quen se beneficia?

As persoas físicas, profesionais autónomos, microempresas e pemes (pequenas e medianas empresas) que estean ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

Atención e asesoramento

Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo

Tel.: 902.446.006

<https://www.pive6.es/>

5.6. Plan integral de impulso ao vehículo eléctrico

Que é?

É unha subvención directa no prezo neto do vehículo, antes dos impostos, para a adquisición de vehículos eléctricos novos (vehículos cuxa enerxía de propulsión procede, total ou parcialmente, da electricidade das súas baterías, cargadas a través da rede eléctrica), xa sexa por compra, leasing financeiro, arrendamento por renting ou leasing operativo.

A solicitude de subvención é realizada pola persoa axente de vendas ou concesionaria adherida a este plan de axudas.

Cal é a súa contía?

A contía da subvención é fixa e varía en función do tipo e da autonomía eléctrica do vehículo e de certas características da persoa beneficiaria:

Contías individuais da axuda			
Categoría	15Km ≤ aut. ≤ 40 Km	40Km < aut. ≤ 90Km	90Km < autonomía modo eléctrico
M1/N1	3.000 €	4.500 €	6.500 €
M2/N2	--	--	8.000 €
M3	--	--	20.000 €
L6e	1.800 € (non condicionado á autonomía mínima)		
L7e	2.200 € (non condicionado á autonomía mínima)		

Para as seguintes categorías e nos casos específicos de persoas beneficiarias membros de familias numerosas e de persoas con discapacidade con mobilidade reducida que adquiren vehículos adaptados para a súa condución, sempre que a adaptación fora realizada con carácter previo á adquisición do vehículo, as axudas establecidas serán de:

Contía da axuda			
Categoría	15Km ≤ aut. ≤ 40 Km	40Km < aut. ≤ 90Km	90Km < autonomía modo eléctrico
M1/N1	3.500 €	5.300 €	7.700 €
L6e	2.500 € (non condicionado á autonomía mínima)		
L7e	3.000 € (non condicionado á autonomía mínima)		

Quen se beneficia?

As persoas físicas; profesionais autónomos; empresas privadas cuxo CIF comece polas letras A, B, C, D, E, F, G, J, N, R o W; os concellos, as deputacións provinciais, as Administracións autonómicas e Entes públicos dependentes destas.

Os puntos de venda adheridos ao programa porán obter a condición de beneficiarios, sempre que a operación de venda a realice outro concesionario o punto de venda adherido ao programa, con distinta personalidade xurídica á do beneficiario.

Atención e asesoramento

Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo

Tel.: 902.446.006

<http://www.idae.es/index.php/relcategoria.3993/id.799/reلمenu.428/mod.pags/mem.deta>
[lle](#)

5.7. Axudas no caso de non aboamento de pensións de alimentos en situacións de separación ou divorcio

Que é?

É un anticipo ou prestación económica que o Fondo de Garantía do Pago de Alimentos recoñece á persoa titular dunha pensión alimenticia que non está a ser aboada pola persoa obrigada ao pago, adiantándolla (en todo ou en parte).

Quen se beneficia?

A persoa (menor de idade e/ou maior cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %).

Requisitos

- ser titular dun dereito a pensión alimenticia recoñecido mediante resolución xudicial ou convenio regulador xudicialmente aprobado,
- que a dita pensión non sexa aboada pola persoa obrigada ao seu pago,
- ter pedido a execución da sentenza xudicial que recoñece o dereito á pensión, resultando esta infrutuosa,

- os recursos e ingresos económicos da unidade familiar, computados anualmente, non poderán superar a cantidade resultante de multiplicar a contía anual do IPREM, vixente no momento da solicitude do anticipo, polo coeficiente que corresponda en función do número de fillos e fillas menores que integren a unidade familiar (1,5 se só houbera un fillo ou filla, incrementándose en 0,25 por cada fillo ou filla).

Cal é a súa contía?

A contía do anticipo por cada persoa beneficiaria é de 100 euros mensuais, agás que por resolución xudicial teña recoñecido un importe menor que, de ser o caso, se aboará o importe establecido. O anticipo abóase por un período máximo de 18 meses e percíbese a persoa que teña a garda e custodia da persoa beneficiaria.

Atención e asesoramento

Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

Tel.: 900.503.055

<http://www.clasespasivas.sepg.pap.minhap.gob.es/sitios/clasespasivas/es-ES/PensionesPrestaciones/anticipospensionesalimenticias/Paginas/Anticipopensionesalimenticias.aspx>



6. Servizos de apoio

6.1. Portal web das familias galegas

Web de asesoramento e información onde se recollen todos os recursos destinados ás familias galegas.

<http://www.familiasgalegas.org>

Atención e asesoramento

Dirección Xeral de Familia e Inclusión

Subdirección Xeral de Familia e Menores

6.2. Rede galega de escolas infantís

Que son as escolas infantís?

As escolas infantís son equipamentos diúrnos de carácter socio educativo que ofrecen o primeiro ciclo de educación infantil de acordo cos principios e contidos educativos recollidos no currículo do primeiro ciclo de educación infantil de Galicia.

Cales son os seus obxectivos?

- Fomentar o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades das nenas e nenos presentando contornos educativos de calidade en colaboración coas familias.
- Compensar as desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais atendendo á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades das nenas e nenos e das súas familias.
- Responder ás necesidades das familias na educación e crianza das súas fillas e fillos, adaptando de maneira flexible a organización e os servizos que prestan os centros como instrumento para favorecer a conciliación entre a vida familiar, laboral e persoal.

- Procurar a corresponsabilidade entre a escola e as familias na educación e atención das nenas e dos nenos, establecendo lugares de encontro entre os dous ámbitos responsables da súa educación.
- Construír un modelo educativo democrático e plural abrindo os centros á participación de toda a comunidade educativa.
- Desenvolver procesos educativos de calidade fomentando a colaboración entre familias, profesionais, centros, diferentes administracións e o conxunto da sociedade.
- Fomentar a igualdade efectiva entre as nenas e os nenos promovendo actividades e comportamentos que favorezan o exercicio da igualdade de dereitos e oportunidades.

Que tipo de escolas infantís, públicas ou financiadas con fondos públicos, segundo a súa titularidade, hai en Galicia?

En Galicia, a rede de escolas infantís “A Galiña Azul”, que son de titularidade pública, está integrada polas escolas infantís que a continuación se relacionan:

- escolas infantís dependentes da Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar e
- escolas infantís dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Ademais dos centros pertencentes a dita rede de escolas infantís, existen outras escolas infantís 0-3 públicas ou financiadas total ou parcialmente con fondos públicos, que son as seguintes:

- escolas infantís de titularidade municipal e
- escolas infantís dependentes de entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro.

Como se accede ás escolas infantís da Consellería de Traballo e Benestar?

As familias interesadas deberán presentar a súa solicitude dentro do prazo establecido na orde anual de adxudicación de prazas para as escolas infantís da Consellería de Traballo e Benestar que se publica no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Os impresos de solicitude facilitaranse nos propios centros nos que se solicite praza, nas xefaturas territoriais de Traballo e Benestar e nos enderezos electrónicos (<http://www.benestar.xunta.es>) e (<http://www.escolasinfantis.net>).

A información relativa ao procedemento poderase consultar na páxina web: <http://www.xunta.es/resultados-da-guia-de-procedementos>, así como nos teléfonos 012, 981.185.755, 982.294.354, 988.386.595, 986.817.704 e 981.545.666.

As solicitudes coa documentación requirida presentaranse nos rexistros únicos das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar da provincia onde teña o seu domicilio a persoa solicitante, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Así mesmo, poderán presentarse en formato electrónico a través da sede da Xunta de Galicia no enderezo: <https://sede.xunta.es>.

Cómo se accede ás escolas infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar?

As familias interesadas deberán presentar a súa solicitude dentro do prazo establecido na resolución anual da Xerencia do Consorcio, publicada no DOG, pola que se anuncia o prazo de reserva de praza, preinscrición de novo ingreso e matrícula de persoas usuarias das escolas infantís para o curso solicitado.

Os impresos de solicitude facilitaranse nos propios centros nos que se solicite a praza e nos enderezos electrónicos:

(<http://www.igualdadebenestar.org>) e (<http://www.escolasinfantis.net>)

As solicitudes xunto coa documentación requirida presentarase na escola infantil para a que se solicita a praza, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Como se accede ás escolas infantís municipais?

Para acceder ás escolas infantís municipais deberán dirixirse á escola infantil para a que se desexa solicitar praza ou ao concello do que dependa.

Como se accede ás escolas infantís de iniciativa social?

Para solicitar praza nas escolas infantís de iniciativa social, as persoas solicitantes deberán dirixirse á escola infantil para a que se desexa solicitar a praza.

Atención e asesoramento

Nas propias escolas infantís e, segundo a súa titularidade, no organismo titular.

Xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar:

A Coruña: 981.185.700

Ourense: 988.386.149

Lugo: 982.294.202

Pontevedra: 986.817.089

Dirección Xeral de Familia e Inclusión: 981.545.666

<http://www.familiasgalegas.org>

<http://traballoebenefestar.xunta.es>

Consortio Galego de Servizos de Igualdade e de Benestar: 981.568.705

<http://www.igualdadebenestar.org>

6.3. Programa do cheque infantil

Que é?

O Cheque infantil é un programa de axudas económicas directas ás familias para colaborar no pago dunha praza de escola infantil privada naqueles casos de persoas solicitantes que non consigan praza nunha escola pública ou financiada con fondos públicos, ou residan nunha localidade na que non existen prazas públicas.

A axuda consiste nunha cantidade para contribuír ao pagamento da praza nunha escola infantil 0-3 non sostida con fondos públicos, por un período máximo de 11 meses.

Quen pode beneficiarse?

Poderán beneficiarse todas aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Solicitar praza en escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos e que non resulten adxudicatarias dunha delas por falta de prazas dispoñibles.
- Residir nunha localidade onde non existan escolas infantís 0-3 anos sostidas con fondos públicos e desexen obter a axuda para unha praza nalgún centro privado existente no concello de residencia, noutro que sexa limítrofe ou ben no concello onde traballen as nais, os pais ou os titores ou as titoras legais.
- Non cumprir a nena ou neno a cargo os 3 anos dentro do ano natural no que se solicita.
- Non dispoñer doutras axudas para igual ou análoga finalidade outorgadas por outros organismos ou institucións públicas ou entes privados que, en concorrencia coa regulada na orde do Programa do cheque infantil, supere o custo da praza.
- Que os centros aos que acudan as persoas beneficiarias contén coa autorización pertinente segundo o establecido no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Como se solicita?

Aquelas persoas solicitantes de praza nunha escola infantil pública ou financiada con fondos públicos que desexen ser candidatas ao Cheque infantil deberán cubrir o apartado correspondente na solicitude de praza pública e asinar as declaracións responsables recollidas nos anexos específicos para as persoas candidatas ao cheque.

Aquelas outras persoas que residan nunha localidade na que non existen prazas públicas e queiran ser candidatas ao Cheque infantil deberán presentar a súa solicitude nos prazos de convocatoria sinalados na orde anual de convocatoria, que se publica no Diario Oficial de Galicia.

Cal é a súa contía?

A contía da axuda económica estará en función da renda per cápita da unidade familiar, non podendo superar en ningún caso o custo da praza. Pode ir, nos casos de xornada

completa, desde os 250,00 € para a atención educativa con comedor, no caso de rendas inferiores ao 30 % do IPREM, ata 45,00 €, no caso de atención educativa e rendas superiores a 1.000 €.

Atención e asesoramento

Xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar:

A Coruña: 981.185.700

Ourense: 988.386.149

Lugo: 982.294.202

Pontevedra: 986.817.089

Dirección Xeral de Familia e Inclusión: 981.545.666

<http://escolasinfantis.net>

<http://traballoebeneficencia.xunta.es>

6.4. Gabinetes de orientación familiar

Que son?

Os gabinetes de orientación familiar (GOF) constitúen un recurso especializado no apoio e na promoción da calidade de vida das persoas e das familias, e na atención e prevención das diferentes situacións problemáticas que se poidan dar no ámbito da convivencia cotiá.

A que niveis actúan?

- Informativo: facilitándolles ás familias a información necesaria para favorecer unha mellor comprensión do medio e dos recursos dispoñibles.
- Educativo e formativo: proporcionándolles ás familias os medios necesarios para o desenvolvemento integral das súas funcións e das súas habilidades, fortalecendo os vínculos do sistema familiar e facilitando que a dinámica individual e familiar sexa creativa, eficaz e enriquecedora.
- Preventivo: de preparación perante as distintas etapas ou situacións polas que pasan as familias no seu ciclo vital.
- De axuda persoal e emocional: ofrecendo atención e acompañamento en calquera momento da vida e, en especial, nos momentos de crises provocadas por

desgrazas inesperadas. Esta axuda pode ser: formal, a través da terapia familiar; ou informal, a través das redes de axuda mutua ou grupos de apoio familiar.

- Orientativo: acompañando as familias, ofrecendo asesoramento para a toma de decisións, a resolución de conflitos e a mobilización dos recursos propios e do contorno, así como no proceso de planificación de apoios.
- De terapia e tratamento: co fin de superar os dinamismos disfuncionais das familias, facendo posible o seu progreso e a súa adaptación.

Quen pode beneficiarse?

Todas aquelas persoas con residencia en Galicia que consideren que na súa familia existe algún conflito: de parella, entre nais e pais e fillas e fillos ou coa familia extensa.

Como actúan?

Os GOF só poderán actuar por petición directa e voluntaria das persoas que así o requiran.

Os gabinetes respectarán e terán en conta as opinións de todos os membros da familia garantindo a confidencialidade e o segredo profesional.

Onde se atopan e cal é a súa composición?

Os gabinetes de orientación familiar están adscritos aos servizos de Familia e Menores das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar e están formados por un equipo multidisciplinar, integrado por profesionais das áreas de traballo social, psicoloxía e dereito, todos especializados na atención dos conflitos familiares e de parella.

A Coruña	Rúa Salvador de Madariaga, 9, 1ª planta 15008 A Coruña	981.185.757
Lugo	Rolda da Muralla, 70 27071 Lugo	982.294.371
Ourense	R/ Sáenz Díez, 39, baixo 32003 Ourense	988.386.128
Pontevedra	Concepción Arenal, 8, 1ª planta 36201 Vigo	986.817.085

Atención e asesoramento

Dirección Xeral de Familia e Inclusión

Subdirección Xeral de Familia e Menores: 981.957.165

<http://www.familiasgalegas.org>

<http://traballoebeneficencia.xunta.es>

6.5. GOF virtual

Este servizo en liña procurará proporcionar ás familias ou calquera persoa interesada, de maneira gratuíta, información e asesoramento sobre diversas cuestións, como: servizos, recursos sociais, programas, disposicións legais, etc., por parte de persoas profesionais especializadas no ámbito da familia e da infancia; pero nunca dará directrices técnicas sobre pautas de comportamento, habilidades, etc.

Este servizo está aloxado na páxina web: <http://www.familiasgalegas.org/>, no apartado “**GABINETES DE ORIENTACIÓN FAMILIAR**”, dentro do menú principal.

6.6. Puntos de encontro familiar

Que son?

Son un servizo que facilita, preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, procura a seguridade e o benestar das e dos menores, favorece a relación coas súas familias e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou en calquera

outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo.

A intervención dos puntos de encontro familiar terá carácter temporal, desenvolverana profesionais nun lugar neutral e terá como obxectivo principal a normalización da situación conflitiva.

Cal é a súa finalidade?

- Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das fillas e dos fillos a manter a relación con ambas as dúas persoas proxenitoras despois da separación, establecendo os vínculos necesarios para o seu bo desenvolvemento psíquico, afectivo e emocional.
- Facilitar o encontro das fillas e fillos coa persoa proxenitora non custodia e, de ser o caso, coa súa familia extensa.
- Acadar a normalización das relacións familiares de xeito que o recurso chegue a resultar innecesario para a familia.
- Procurar a seguridade das e dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia.
- Favorecer e potenciar nas fillas e fillos unha boa relación coas súas persoas proxenitoras, co contorno da persoa proxenitora non custodia e coa súa familia extensa.
- Potenciar que as fillas e fillos expresen con liberdade e sen medo os seus sentimentos e necesidades fronte a ambas as dúas persoas proxenitoras.
- Facilitar orientación profesional para mellorar as relacións materno/paterno-filiais e as habilidades parentais de crianza.
- Informar e derivar as persoas interesadas aos servizos especializados encargados da protección e da asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero nos termos establecidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

- Dispoñer de información fidedigna sobre as actitudes e aptitudes parentais que axuden a defender, se fose necesario, os dereitos das e dos menores noutras instancias administrativas ou xudiciais.

Que intervencións se levan a cabo?

Con respecto a execución do réxime de visitas:

- Entregas e recollidas das e dos menores: consisten na intervención das e dos profesionais nos momentos en que os familiares acoden ao servizo para entregar ou recoller a persoa menor no desenvolvemento do réxime de visitas. Nestes casos, o punto de encontro familiar actúa como intermediario e supervisor desas entregas e recollidas.
- Visitas tuteladas: son aquelas que se desenvolven de forma controlada baixo a supervisión e presenza continuada dunha ou dun profesional do equipo técnico do servizo por un tempo máximo de dúas horas.
- Visitas supervisadas: son aquelas que se desenvolven no punto de encontro familiar, por un tempo máximo de dúas horas, sen a presenza continuada do equipo técnico, especialmente en casos nos que a persoa proxenitora que ten o dereito de visita careza de vivenda na localidade.

Outras intervencións complementarias ao réxime de visitas:

- Deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e as e os menores, que teña como obxecto final acadar a normalización das relacións familiares.
- Orientación e apoio familiar proporcionando información, atención e asesoramento ás persoas proxenitoras e ás e aos menores, propiciando o desenvolvemento de relacións materno/paterno-filiais axeitadas e a creación de relacións familiares óptimas e de actitudes positivas.
- Intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras. O equipo técnico poderá, se o considera axeitado e conta coa vontade das partes, intervir aplicando

técnicas mediadoras para conseguir acordos que permitan adecuar o réxime de visitas establecido pola autoridade á realidade familiar, así como para favorecer o exercicio da coparentalidade.

- Intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar e preparar as persoas proxenitoras e as súas fillas e fillos para que as relacións entre eles se cheguen a realizar de forma normalizada e coas maiores garantías posibles.
- Rexistro e documentación das actividades realizadas.

Atención e asesoramento

A Coruña	Fundación Meniños	981.297.534
Ferrol	Asociación Camiña Social	981.369.217
Santiago	Asociación Encontro	981.577.595
Lugo	Asociación Dignidade Lugo	982.229.861
Ourense	UTE Meniños – Grupo 5	988.211.031
Pontevedra	Eulen – Servizos sociosanitarios	986.861.999
Vigo	Asociación Camiña Social	986.376.181

Dirección Xeral de Familia e Inclusión

Subdirección Xeral de Familia e Menores: 981.957.165

<http://www.familiasgalegas.org>

<http://traballoebeneficio.xunta.es>

6.7. Residencias de tempo libre

Que son?

Son complexos residenciais, dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, destinados ao gozo do ocio e do lecer das familias, que se poñen a disposición da poboación para o goce de estadias no período estival (xullo, agosto e primeira quincena de setembro). Están situados en Panxón-Nigrán (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense).

Cal é a forma de acceso?

A adxudicación das estadias na tempada estival regúlase mediante orde de carácter anual, podendo ser solicitada por:

- As persoas maiores de idade, ou menores acompañadas das persoas proxenitoras ou representantes legais, que teñan a súa residencia en territorio do Estado español.
- As galegas e galegos residentes no exterior.

A adxudicación das prazas efectúase por sorteo de datas de entrada das solicitudes presentadas para cada residencia.

Cales son os servizos ofertados?

- Servizo de residencia: aloxamento e manutención en réxime de pensión completa, durante a quenda adxudicada ás persoas beneficiarias.
- Servizo para non residentes: servizo de comedor para familiares e amigas ou amigos das persoas residentes que veñan visitar a instalación.

Cal é o seu custo?

Custo do servizo de residencia	
Estadía e mantenza das persoas residentes na tempada alta	37,26 euros/persoa/día
Aloxamento na véspera da incorporación	21,74 euros/cuarto

Servizo de comedor para visitantes

Almorzo	3,11 €
Xantar	11,39 €
Cea	9,32 €

Estes prezos incrementáanse un 10 % os domingos e festivos.

Que descontos hai?

- As nenas e nenos menores de 2 anos que non utilicen os servizos de comedor ou durman nos cuartos das súas responsables: exentas/exentos.
- As nenas e os nenos de idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos: 50 % sobre o importe das estadias.
- As familias numerosas: 30 % sobre o prezo final que resulte da súa estadia.
- As persoas que acrediten unha discapacidade: 10 %.
- As persoas maiores de 60 anos: 10 %.
- As mulleres vítimas de violencia de xénero: 50 %.

Os descontos que se especifican anteriormente considéranse incompatibles entre si de acordo co establecido no Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre da Consellería de Traballo e Benestar.

Atención e asesoramento

Ourense	Zona del Parque- 32500 O Carballiño	988.270.200	rtlcarballiño@xunta.es
Pontevedra	Calle Cansadoura, 2 36340 Panxón. Nigrán	986.365.221	rtlpanxon@xunta.es

Dirección Xeral de Familia e Inclusión

Subdirección Xeral de Familia e Menores: 981.544.623

<http://www.familiasgalegas.org>

<http://traballoebeneficencia.xunta.es>



7. Plans e programas

A. PROGRAMAS E SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS

Que son?

Os servizos sociais comunitarios, que están referenciados a un territorio e a unha poboación determinada, constitúen o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.

Configúranse como servizos de carácter integrador, sendo a principal instancia do sistema para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas e familias e de incorporación social e laboral.

Os servizos sociais comunitarios básicos teñen un carácter local, aberto e polivalente e constitúen a canle normal de acceso ao sistema galego de servizos sociais, co que se garante a universalidade do sistema e a súa proximidade ás persoas usuarias, ás familias e ao ámbito comunitario.

Que programas e servizos prestan?

Os servizos sociais comunitarios básicos, dende unha perspectiva de anticipación e prevención, tanto individual como familiar ou comunitaria, das situacións causantes da exclusión social, a dependencia e a desprotección, prestan os seguintes programas:

- Programa de valoración, orientación e información en materia social ás persoas, grupos ou á comunidade en xeral.
- Servizo de axuda no fogar, que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social.
- Servizo de educación e apoio familiar, que integra o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de detectar, prever e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais

situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e das unidades de convivencia.

- Programa básico de inserción social, que procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situacións ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Inclúense nesta categoría os proxectos expresamente dirixidos ao desenvolvemento, promoción e integración da comunidade xitana e outras minorías étnicas.
- Programa de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social.

7.1. Programa de valoración, orientación e información

Que é?

O programa de valoración, orientación e información ten o carácter de prestación esencial do sistema galego de servizos sociais e consistirá en:

- a) Proporcionar información, orientación, asesoramento e acompañamento ás persoas, ás familias e aos grupos sociais.
- b) Realizar a valoración e o diagnóstico social das demandas da cidadanía.
- c) A intervención básica de traballo social de caso e grupos, de acordo cos dereitos sociais, necesidades, demandas e recursos dispoñibles.
- d) Derivar cara á intervención social, biopsicosocial ou socioeducativa idónea para cada caso, que favoreza a adquisición ou recuperación de funcións e habilidades persoais e sociais e procure a mellora da autonomía, da convivencia social e familiar e da inclusión social. Esta derivación poderá realizarse cara aos distintos

programas de servizos sociais comunitarios, tanto básicos como específicos, e, se é o caso, cara aos servizos sociais especializados.

Como se traballa?

Ao constituír o primeiro acceso ao sistema, realizarase unha entrevista inicial na que se lle asignará unha ou un profesional de referencia e se efectuará o primeiro rexistro no sistema de información social básico.

No desenvolvemento deste programa, asegurase unha atención por profesionais coa cualificación adecuada e ofreceráselles ás persoas unha información e asesoramento persoal, puntual e preciso, de maneira que se garanta o respecto á súa intimidade e á súa capacidade de decisión.

Atención e asesoramento

Os departamentos de servizos sociais dos concellos.

Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais: 981.544.653

<http://traballoebeneficio.xunta.es>

7.2. Servizo de axuda no fogar

Que é?

O servizo de axuda no fogar (SAF) é un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

No servizo de axuda no fogar (SAF) poderán prestarse os seguintes tipos de actuacións de carácter básico:

- a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio.
- b) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia. Se é o caso,

determinadas tarefas domésticas, como lavandaría e alimentación a domicilio, poderán ser facilitadas por servizos específicos.

- c) Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial ou similares, así como o seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
- d) Ademais, para as familias en risco de exclusión social, as atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, á mellora da convivencia, integración na comunidade e mellora da estrutura familiar.

O servizo de axuda no fogar, unha vez garantido o nivel básico de atención, poderá incorporar, ademais, os seguintes tipos de actuacións de carácter complementario:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- Servizo de empréstito de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal.
- Adaptacións funcionais do fogar.
- Servizo de podoloxía a domicilio.
- Servizo de fisioterapia a domicilio.

Quen pode beneficiarse?

O servizo de axuda no fogar (SAF) poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

Tamén, con carácter subsidiario do Programa de educación e apoio familiar, poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

Atención e asesoramento

Os departamentos de servizos sociais dos concellos.

Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Subdirección de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais: 981.544.653

<http://traballoebenestar.xunta.es>

7.3. Servizo de educación e o apoio familiar

Que é?

Son o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias co obxectivo de detectar, prever e superar as situacións de dificultade, promovendo os procesos de cambio que favorezan un axeitado exercicio das funcións familiares, así como a autonomía, a responsabilidade e a participación social das persoas, dos grupos e das comunidades.

Que obxectivo ten?

- Promover a adquisición, por parte das familias, das competencias e habilidades para o correcto desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas, fomentando a educación en igualdade e a corresponsabilidade.
- Poñer á disposición das familias participantes a atención psicolóxica, así como, as alternativas, os recursos e os itinerarios socioeducativos en relación coas posibilidades do contorno.
- Favorecer a integración, a promoción e a participación das familias ou unidades de convivencia en todos os ámbitos da vida comunitaria.

- Previr e atender as situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social ás familias ou unidades de convivencia, ou a algún dos seus membros, con especial atención ás persoas menores de idade.
- Realizar o seguimento e a intervención nas familias en que se realizase unha derivación aos servizos sociais especializados de menores, de cara á súa reintegración social e familiar.
- Promover os espazos de encontro de nais e pais enfocados á formación compartida e á mellora da educación familiar.

Quen pode beneficiarse?

O programa diríxese, con carácter xeral, ás familias da comunidade de referencia dos servizos sociais comunitarios, con atención prioritaria a aquelas unidades de convivencia que se encontren en situación de maior vulnerabilidade, nas cales exista presenza de menores en risco de desatención ou nas cales se identifiquen outros factores que revelen unha situación de risco de exclusión social ou de pobreza infantil.

Tamén se dará apoio a aquelas unidades de convivencia voluntaria con funcións análogas á familiar, sempre que favorezan a autonomía e a integración social das persoas que as constitúen.

A determinación das unidades familiares destinatarias virá precedida, en todo caso, pola valoración e a prescrición de alta no programa por parte do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais. A valoración e a prescrición de alta figurarán no correspondente expediente social.

Co fin de promover a integración social e a calidade da acción educativa das familias, o programa poderá incluír, ademais, actividades de carácter aberto enfocadas en xeral a toda a comunidade ou a sectores profesionais ou corporativos vinculados directa ou indirectamente coa mellora da calidade da actuación parental e a vida familiar.

Como se articulan?

A intervención profesional nas familias só poderá ser realizada por persoal técnico ao servizo da Administración pública local titular do servizo, de maneira que forme parte do equipo interdisciplinar dos servizos sociais comunitarios.

Atención e asesoramento

Os departamentos de servizos sociais dos concellos.

Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Subdirección de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais: 981.544.653

<http://www.familiasgalegas.org>

<http://traballoebeneficencia.xunta.es>

7.4. Programa básico de inserción social

Que é?

No desenvolvemento deste programa os servizos sociais comunitarios básicos:

- Detectarán e valorarán as situacións das persoas, dos grupos ou das áreas territoriais en situación e risco de exclusión.
- Participarán no procedemento de asignación das prestacións económicas de inclusión social, orientadas a satisfacer as necesidades pecuniarias básicas e a estimular a incorporación social e laboral. De maneira particular analizarán o perfil sociolaboral de cada caso e expedirán os informes e as propostas de derivación e idoneidade do recurso que se estableza no procedemento.
- Favorecerán o desenvolvemento dos itinerarios personalizados de inclusión, coordinando a súa actuación profesional tanto co servizo público de emprego como cos servizos sociais comunitarios específicos para a inclusión social.
- Desenvolverán as actuacións en relación co seguimento e ca revisión das prestacións económicas establecidas.

Atención e asesoramento

Os departamentos de servizos sociais dos concellos.

Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Subdirección de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais: 981.544.653

<http://traballoebeneficencia.xunta.es>

7.5. Programa de fomento da cooperación e da solidariedade social

Que é?

Mediante este programa os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local e a acción voluntaria na área social.

Os servizos sociais comunitarios establecerán espazos de complementariedade na execución dos seus programas para a acción de persoas voluntarias sen detrimento da calidade e da profesionalidade dos servizos no seu conxunto.

Fomentarase a creación de organizacións de autoaxuda, axuda mutua e de acción solidaria, mediante o correspondente asesoramento, formación e acompañamento do dito proceso. Estas organizacións complementarán a actuación dos servizos sociais públicos de acordo coa planificación local de servizos sociais.

No desenvolvemento deste programa priorizarase o intercambio xeracional, a interculturalidade e as medidas de acción positiva para a consecución da igualdade, e prestarase especial atención á prevención da violencia de xénero.

Atención e asesoramento

Os departamentos de servizos sociais dos concellos.

Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Subdirección de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais: 981.544.653

<http://traballoebeneficencia.xunta.es>

B. OUTROS PROGRAMAS SOCIAIS

7.6. Programa de estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas

Que é?

Son estadías gratúitas, durante 7 a 10 días, en réxime de pensión completa, preferentemente entre finais do mes de xuño e principios do mes de setembro, para mulleres con responsabilidades familiares non compartidas acompañadas das súas fillas e/ou fillos de 2 a 12 anos e con baixos niveis de ingresos.

Cal é o obxectivo?

Trátase de facilitar ás mulleres que teñan fillas ou fillos menores, exclusivamente ao seu cargo, un espazo e un tempo desligado da súa situación habitual e no cal poidan intercambiar experiencias a través da convivencia nun espazo de lecer.

Que requisitos deben cumprir as mulleres para poder beneficiarse?

- Ter fillas e/ou fillos exclusivamente ao seu cargo con idades comprendidas entre os 2 e 12 anos, ambos inclusive, na data de presentación da solicitude.
- Non convivir en parella afectiva.
- Estar domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso de mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia ou tarxeta de réxime comunitario, segundo o caso.
- Dispoñer dunha renda mensual que, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o salario mínimo interprofesional (SMI), excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias. (Computarase o conxunto dos ingresos da unidade familiar)
- Non padecer ela, nin as fillas e/ou fillos que a acompañen, unha enfermidade que requira illamento e/ou que impida a normal convivencia.

Como se articula?

A través dunha orde de convocatoria anual onde se valorará unha serie de circunstancias persoais: o número de persoas menores e/ou dependentes a cargo, a condición de vítima de violencia de xénero, a renda, a situación de desemprego, etc.

Atención e asesoramento

Secretaría Xeral da Igualdade: 981.545.351

<http://mulleresengalicia.es>

7.7. Programa RECONDUCE*Que é?*

O programa Reconduce constitúe o marco integrado de coordinación dos servizos que van poñerse a disposición para dar apoio ás persoas e familias en risco ou situación de desafiuamento da vivenda habitual; ben para previlo, ou ben para paliar os efectos deste. Nace ante a consecuencia da crise económica, xa que miles de familias viron como algún ou todos os seus membros perderon o seu posto de traballo, véndose abocadas a non pagar a hipoteca da súa vivenda habitual pola falta de ingresos.

Que servizos se prestan?

- Asesoramento xurídico e económico-financeiro dirixido a evitar a apertura dun proceso de execución hipotecaria da vivenda habitual, que inclúe a realización de actuacións de mediación tendentes a acadar acordos de reestruturación da débeda coas entidades financeiras.
- Atención social.
- Apoio psicológico.
- Orientación laboral.
- Acceso aos servizos de xustiza gratuítos.
- Busca de vivenda alternativa

Quen pode beneficiarse?

- Persoas e familias en risco de desafiuzamento, **sen proceso xudicial aberto**. Este grupo é o principal destinatario dos recursos específicos que crea o programa, os cales prevén intervencións de carácter preventivo para evitar o desafiuzamento por execución hipotecaria da súa vivenda en propiedade.

En este caso, teranse en conta os seguintes requisitos:

- ✓ Que a vivenda en propiedade hipotecada é a única que posúen.
 - ✓ Que a vivenda se atope en Galicia.
 - ✓ Que a persoa titular está empadroadada nalgún municipio de Galicia (en caso de existir varias persoas titulares, al menos unha delas).
- Persoas e familias cuxo **proceso xudicial está xa en curso**. Como neste caso as posibilidades de chegar a un acordo extra procesual ou de mediación esgotáronse, as accións de intervención teñen un carácter máis paliativo (atención psico-social, orientación laboral e busca de vivenda alternativa).

Atención e asesoramento:

Servizos sociais dos concellos.

Xunta de Galicia: Oficina de asesoramento - Programa Reconduce

Tel.: 881.996.116 / 881.996.117 / 881.996.118 / 881.996.119 / 881.996.120

Email: oficinacentral.programareconduce@xunta.es

7.8. Programas de apoio a mulleres xestantes e/ou lactantes con fillas e/ou fillos menores de tres anos

Que son?

Son programas destinados ás mulleres xestantes ou lactantes con fillas e/ou fillos menores de 3 anos en situación de posible vulnerabilidade social e/ou laboral, dirixidos a evitar a exclusión destas promovendo accións para o seu desenvolvemento persoal, familiar e laboral.

Que tipo de programas poden desenvolverse?

Recursos integrais específicos que conteñan actuacións dos tipos que se indican e semellantes:

- De información sobre os recursos existentes.
- De acompañamento social, con medidas de apoio psicolóxico para a superación das cargas emocionais provocadas pola situación de embarazo ou maternidade.
- De orientación, asesoramento e busca de emprego.
- De adquisición de competencias persoais e sociais adaptadas para a inserción laboral e para afrontar a nova situación persoal.
- De medidas de apoio urgente.

Que obxectivos teñen?

- Potenciar a autonomía das mulleres destinatarias das accións, proporcionándolles apoio, asesoramento e acompañamento respecto aos recursos aos que poden optar pola súa situación persoal, económica ou social.
- Favorecer a súa incorporación ao mundo laboral, posibilitándolles a asistencia ás actividades de formación.

Como se articula?

A través dunha orde anual de convocatoria de subvencións para as entidades privadas sen ánimo de lucro, inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, entre cuxos fins estea a protección das nais xestantes.

Atención e asesoramento:

Secretaría Xeral da Igualdade: 981. 547.397

<http://mulleresengalicia.es>

7.9. Programa de acollemento familiar

Que é?

É un recurso mediante o cal unha familia, unha persoa ou unha parella atende no seu fogar unha nena, neno ou adolescente que temporalmente non pode residir coa súa proxenitora, co seu proxenitor ou con ambos.

O acollemento non é unha forma de adopción, xa que sempre é temporal e non rompe os vínculos da nena ou neno coa súa familia de orixe; ao contrario, a familia acolledora debe colaborar para que se manteñan e se fortalezan as relacións da nena ou neno co seu núcleo familiar, favorecendo así o regreso ao seu fogar.

Quen pode beneficiarse?

Poden formar parte do programa as nenas, nenos ou adolescentes que estean baixo a tutela ou a garda administrativa da Xunta de Galicia porque non poden seguir residindo no seu fogar.

En canto ás persoas acolledoras, pode ser calquera persoa, matrimonio ou parella de feito, con ou sen fillas e/ou fillos, de calquera condición social, ideoloxía ou crenzas. Só se require que exista vontade de acoller aceptada por todo o núcleo familiar, capacidade para cubrir as necesidades básicas da nena ou neno, estabilidade emocional e capacidade para aceptar as características da nena ou do neno así como as da súa familia de orixe.

Que modalidades de acollemento familiar hai?

O acollemento pode adoptar diferentes modalidades en función de varios criterios:

- **Acollemento en familia extensa/en familia allea:** se a familia acolledora ten ou non parentesco coa persoa acollida;
- **Acollemento simple/permanente:** se a súa finalidade é temporal, en tanto non se adopta outra medida de protección, ou se considera que vai ser permanente;
- **Acollemento administrativo/xudicial:** se a decisión é adoptada pola administración, con consentimento da proxenitora, do proxenitor ou ambos, ou por un xuíz ou xuíza, por faltar estes consentimentos;

- **Acollemento con convivencia plena/de fin de semana ou vacacións:** se implica a convivencia permanente da persoa acollida coa persoa ou familia acolledora, ou ben se realiza unicamente en períodos coma fins de semana ou vacacións.

Como se articulan?

As familias, persoas e/ou parellas que estean interesadas en acoller a unha persoa menor deberán presentar unha solicitude ás xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar. Unha vez presentada a solicitude realízase unha valoración social e psicolóxica da persoa ou persoas solicitantes, para comprobar a súa idoneidade e adecuación.

No caso de acollemento en familias alleas, as familias valoradas idóneas pasan a formar parte dun banco á espera de atopar unha persoa menor susceptible de ser acollida.

O acollemento familiar formalízase a través dun contrato coa Consellería de Traballo e Benestar no que se reflicten as obrigas e dereitos que teñen como persoas acolledoras.

Hai axudas económicas para o acollemento familiar?

No caso dos acollementos remunerados, nos que a Administración asigna unha retribución mensual.

Son acollementos remunerados todos os acollementos en familia allea e aqueles en familia extensa nos que se valore como necesario pola situación socioeconómica da familia.

Información e asesoramento

ACOLLEMENTO FAMILIAR EN FAMILIA EXTENSA E ALLEA

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Familia e Inclusión

Subdirección Xeral de Familia e Menores: 981.544.630

<http://benestar.xunta.es/web/porta1/portada-de-infancia>

Xefaturas territoriais:

A Coruña: 981.185.704

Ourense: 988.386.121

Lugo: 982.294.442

Pontevedra: 986.817.044

ACOLLEMENTO FAMILIAR EN FAMILIA ALLEA

Cruz Vermella: 900.812.880

Sedes provinciais:

A Coruña: 981.221.000

Ourense: 988.222.484

Santiago de Compostela: 981.586.969

Pontevedra: 986.852.115

Lugo: 982.231.613

<http://www.cruzvermella.org/area/familias-acolledoras>

7.10. Programa de adopcións

Que é?

A adopción é un recurso legal dirixido a proporcionarlle un fogar permanente á nena ou ao neno que se atopa en situación de abandono ou desamparo. Mediante a adopción rómpense os vínculos de filiación da nena ou neno coas persoas proxenitoras biolóxicas e créanse uns novos vínculos de filiación coa persoa ou persoas adoptantes.

Segundo se sinala na Convención sobre os Dereitos do Neno, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e ratificada por España, todos as nenas e os nenos teñen dereito a crecer nunha familia. Ás veces, non é posible que esta familia sexa a de orixe da nena ou neno e é necesario buscarlle unha familia alternativa a través da adopción. Partindo do principio de interese superior da persoa menor, a nena ou o neno é o punto de partida do proceso que culmina coa súa adopción. Nel, trátase de atoparlle a mellor familia ás nenas ou aos nenos e non de atopar unha nena ou un neno para satisfacer as necesidades das familias.

Como é o proceso?

En liñas xerais, o proceso de adopción comporta as seguintes fases para a familia receptora:

- Sesión informativa. As persoas interesadas en adoptar deben asistir a unha reunión informativa na xefatura territorial que corresponda ao seu domicilio. Ofrécese información acerca do procedemento, trámites necesarios, requisitos,

tempos de espera, información por países, Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional (ECAI), e se resolven as dúbidas que poidan formularse.

- Curso de formación, no que as e os profesionais (psicólogas e psicólogos e traballadoras e traballadores sociais) abordan cuestións relacionadas coa adopción como poden ser: as características das e dos menores que poden ser adoptados, as motivacións para a adopción, o momento da chegada do neno ou da nena á familia, o período de adaptación, a revelación da condición de persoa adoptada, a identidade étnica e cultural, etc.
- Presentación da solicitude e documentación complementaria.
- Valoración da idoneidade. Trátase dun estudo psicolóxico e social das persoas solicitantes, para determinar se posúen as capacidades necesarias para atender as necesidades das nenas e dos nenos que vaian ser adoptadas ou adoptados.
- Remisión do expediente ao país elixido, en caso de adopción internacional.
- Selección da familia máis axeitada para a nena ou o neno que vaia ser adoptada ou adoptado.
- Formalización da adopción mediante resolución xudicial.
- No caso de adopción internacional, a formalización ven precedida pola viaxe ao país para a recollida da nena ou do neno.
- No caso de adopción nacional, pode darse antes un período de acollemento preadoptivo durante o que se traballa o acoplamento da nena ou do neno na súa nova familia.
- Seguimento post adoptivo.

Información e asesoramento

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Familia e Inclusión

Subdirección Xeral de Familia e Menores: 981.544.630

<http://traballoebeneficencia.xunta.es>

<http://adopcions.xunta.es>

Xefaturas territoriais:

A Coruña: 981.185.704

Ourense: 988.386.121

Lugo: 982.294.442

Pontevedra: 986.817.049

7.11. Programa de mediación familiar

Que é?

Enténdese por mediación familiar o procedemento de carácter voluntario dirixido a facilitar a comunicación entre os membros da familia, co fin de que xestionen por si mesmas unha solución aos conflitos que lles afecten coa intervención dunha persoa mediadora, quen actuará de forma neutral, imparcial e confidencial.

Cales son os seus obxectivos?

- Procurar, de xeito común, solucións satisfactorias e duradeiras no tempo.
- Minimizar o custo emocional que todo conflito produce en todos os membros da familia.
- Restablecer e/ou mellorar as relacións, presentes e futuras, entre as partes en conflito.
- Evitar a instrumentalización dos demais membros da familia, e, en especial, das persoas menores.
- Asegurar a protección do interese superior da persoa menor e do seu benestar.
- Favorecer a responsabilidade parenteral compartida.

Como se accede?

As persoas interesadas deben presentar unha solicitude de designación da mediación familiar (Anexo II do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro) e a documentación requirida para os efectos. Poderán presentala de xeito conxunto ou unha das partes, proporcionando os datos da outra parte para solicitar o seu consentimento.

Poderán elixir a persoa mediadora entre o conxunto de profesionais inscritos no Rexistro de Mediadoras e Mediadores Familiares de Galicia. Se non hai acordo, será designada de oficio pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Atención e asesoramento

Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Subdirección Xeral de Familia e Menores: 981.957.165

<http://www.familiasgalegas.org>

<http://traballoebenefestar.xunta.es>

C. PLAN PARA A DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA DE GALICIA 2013-2016, HORIZONTE 2020

Este plan, que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do día 7 de marzo de 2013 e polo Parlamento de Galicia o día 8 de abril, baséase na necesidade urxente e imprescindible de traballar en favor da revitalización demográfica, para garantir a sostibilidade demográfica, socioeconómica e sociocultural da Comunidade Autónoma.

O obxectivo principal é *“promover a dinamización demográfica de Galicia logrando ascender posicións no ranking das 303 rexións europeas relativo ao índice sintético de fecundidade, camiñando cara ao obxectivo de aumentar a media de 1,08 fillas ou fillos por muller que se rexistra en Galicia ata achegarse á media europea situada en 1,59 fillas ou fillos por muller”*.


Co fin de acadar este obxectivo, o plan divídese en catro áreas de intervención, que delimitan os ámbitos considerados prioritarios para contribuír á dinamización demográfica, e segundo as necesidades específicas dos diferentes grupos de poboación que poden contribuír a que a dinamización demográfica sexa unha realidade. Estas áreas de intervención inciden na necesidade e na importancia de:

- Sensibilizar ao conxunto da poboación galega sobre a necesidade de mellorar as expectativas demográficas.
- Ofrecer apoio socioeconómico ás persoas que toman a decisión da maternidade/paternidade.
- Mellorar a calidade de vida das nais e dos pais e das fillas e fillos e apoiar que cada persoa teña as fillas ou fillos que desexa ter.
- Impulsar actuacións conxuntas das administracións públicas e da sociedade civil para favorecer a dinamización demográfica de Galicia.

Atención e asesoramento

Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

<http://traballoebeneficio.xunta.es>



8. Programa de atención a mulleres vítimas da violencia de xénero

A Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ten por obxecto a adopción de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren. Entendendo por **violencia de xénero** “calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada”.

Que dereitos teñen as mulleres que sofren violencia de xénero?

Dereito á información	Información e asesoramento individualizado que inclúa información sobre medidas de protección e seguridade.
Dereito á asistencia social	Información. Atención psicolóxica. Apoio social. Apoio educativo á unidade familiar. Formación preventiva en igualdade. Apoio á formación e inserción laboral. Apoio económico. Apoio á adquisición ou aluguer de vivenda.
Dereitos laborais e de seguridade social	Redución da xornada laboral. Reordenamento do tempo de traballo. Mobilidade xeográfica. Cambio de centro de traballo. Suspensión da relación laboral con reserva de posto. Extinción definitiva da relación laboral coa consideración de situación de desemprego involuntario.

Dereito á asistencia xurídica gratuíta	Sempre que non teña ingresos superiores ao dobre do indicador público de renda para efectos múltiples (IPREM).
Dereitos económicos	Axudas sociais: - Axudas periódicas. - Axudas económicas e/ou indemnizacións de pagamento único. - Renda de integración social de Galicia (RISGA). - Renda activa de inserción (RAI).

Cales son os recursos dispoñibles para as mulleres que sofren violencia de xénero?

Programas e medidas específicas	Rede de información ás mulleres. Teléfono da muller. Asesoramento xurídico en liña. Punto de coordinación de ordes de protección. Programa de atención psicolóxica. Programa “Abramos o círculo”.
Recursos residenciais	Rede de casas de acollida para mulleres maltratadas. Centro de emerxencia. Centro de recuperación Integral. Vivendas de seguridade para vítimas de explotación sexual e trata.
Prestacións económicas	Axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. Axudas económicas de pagamento único para mulleres vítimas de violencia de xénero. Indemnizacións, de pagamento único, a favor das mulleres que sofren violencia de xénero e das persoas dependentes económica ou asistencialmente dunha muller que sufra violencia de xénero. Renda de integración social de Galicia (RISGA). Renda activa de inserción (RAI).

Rede de información ás mulleres

É o primeiro elemento de detección e atención ás mulleres e, en especial, as vítimas da violencia de xénero. Está constituída por case 80 Centros de Información ás Mulleres (CIM), que cobren a totalidade do territorio galego.

Os CIM están destinados a proporcionar asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional, información en materia de recursos e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres.

<http://mulleresengalicia.es>

<http://igualdade.xunta.es/gl/recursos/centros-de-informacion-mulleres>

Teléfono da muller

O Teléfono da muller é un servizo gratuíto de atención continuada, as 24 horas do día, todos os días do ano. Prestan atención en 51 idiomas e con acceso a persoas xordas. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado cos diferentes profesionais de toda Galicia.

Tel.: 900.400.273

Tel.: 900.152.152 (para mulleres xordas)

<http://mulleresengalicia.es>

Asesoramento xurídico en liña

Servizo en liña para proporcionar, de maneira gratuíta, información e asesoramento xurídico sobre diversas cuestións, entre elas, a violencia de xénero, as agresións e abusos sexuais, o acoso sexual, a conciliación familiar, as discriminacións por razón de sexo, a prostitución e trata, etc.

<http://mulleresengalicia.es>

<http://igualdade.xunta.es/gl/content/asesoramento-xuridico-line>

Programa de atención psicolóxica

Destinado a proporcionar axuda ás vítimas da violencia de xénero para afrontar a situación que sufriron e reforzar a súa autoestima, ademais de ser un apoio na recuperación ou na adquisición de habilidades e capacidades que lles permitan lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral. Tamén as persoas delas dependentes poden utilizar este recurso.

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia: 629.777.595

<http://www.copgalicia.es>

Secretaría Xeral da Igualdade: 981.545.351

<http://mulleresengalicia.es>

Programa “Abramos o círculo”

Programa de atención psicolóxica especializada e de apoio, financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas e violentas nas relacións coa súa parella, coa súa familia ou co seu círculo social e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.: 630.170.140 (10-13 horas e de 16-19 horas)

<http://www.copgalicia.es>

Secretaría Xeral da Igualdade: 981.545.351

<http://mulleresengalicia.es>

Punto de coordinación das ordes de protección

Este servizo leva a cabo o seguimento das ordes de protección das mulleres vítimas de violencia e realiza as xestións oportunas ante as diferentes administracións para facilitarlles o acceso aos recursos existentes e ofrecerlles un marco integral de protección.

Por tanto, unha vez recibida a orde de protección, a orde de afastamento ou outra medida, iníciase o contacto coa vítima para que, unha vez coñecida a súa situación persoal e as súas propias necesidades, informala dos recursos asistenciais e de protección social existentes que pode solicitar.

Secretaría Xeral da Igualdade: 881.999.164

<http://mulleresengalicia.es>

Rede de acollida para vítimas da violencia de xénero

Ante a situación de indefensión en que se atopan moitas mulleres en situación de violencia de xénero, nalgúns casos con grave perigo para elas e os seus fillos e as súas fillas, a Xunta de Galicia ten articulada unha rede de acollida, en colaboración cos concellos e con outras institucións, formada por:

- **Casas de acollida:** para que, aquelas mulleres galegas que o precisen, teñan un lugar de referencia onde acudir e dispoñan dun tempo e un espazo no que poidan reorientar a súa situación persoal, onde se lles facilite as ferramentas elementais, tanto económicas coma psicosociais.

- **Pisos tutelados:** para aquelas mulleres que, despois de residir temporalmente nunha casa de acollida, necesiten, aínda sen correr riscos graves, un tempo máis prolongado para a súa inserción laboral e a súa independencia económica. Permítelles contar con aloxamento compartido con outras mulleres en situacións similares durante o tempo necesario para recuperar a súa vivenda e/ou canalizar o seu proxecto de vida evitando precipitacións que impiden tomar as decisións máis axeitadas en cada caso.

- **Centro de emerxencia:** proporciona aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e ás persoas delas dependentes, que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garántelles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

- **Centro de Recuperación Integral:** centro que desenvolve un modelo de atención integral baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico, e que actúa como centro coordinador da rede galega de acollida.

- **Vivendas de seguridade para vítimas de explotación sexual e trata:** aqueles dispositivos onde se lles presta atención integral (acollida, axuda e asistencia directa) ás mulleres vítimas de explotación sexual e trata. Están destinadas a facilitar ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación un espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar da influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades competentes.

Secretaría Xeral da Igualdade

<http://mulleresengalicia.es>

Axudas periódicas de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero

A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico ás mulleres empadroadas e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia (no caso das mulleres estranxeiras, que teñan permiso de residencia), que perciban uns ingresos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente e que sofren violencia de xénero, para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, condicións que lles posibiliten dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Tel.: 900.400.273

<http://mulleresengalicia.es>

Axudas económicas de pagamento único

Axuda económica de pagamento único para mulleres vítimas de violencia de xénero que estean empadroadas e residindo na Comunidade Autónoma de Galicia e que acrediten insuficiencia de recursos (carencia de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 % do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias) e unhas especiais dificultades para obter un emprego.

Esta axuda esta regulada no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Tel.: 981.957.699

<http://mulleresengalicia.es>

Indemnizacións de pagamento único ou Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións

Indemnizacións dirixidas ás mulleres, empadroadas e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, que sofren violencia de xénero e/ou ás persoas dependentes delas polos danos e perdas ocasionados como consecuencia da situación de violencia, fixadas mediante resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede en Galicia, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas (indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

Tel.: 981.957.699

<http://mulleresengalicia.es>

Renda de integración social de Galicia (RISGA)

É unha prestación pública destinada a garantir os recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber a participar en procesos personalizados de inserción

con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

Está destinada ás persoas que se encontren nunha situación tecnicamente valorada de exclusión social ou de risco de exclusión social; entre outros colectivos, ás mulleres que sexan vítimas dunha situación de violencia de xénero. Neste último caso hai establecidos uns requisitos específicos de acceso e unha tramitación abreviada.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/renda-de-integracion-social-de-galicia-risga>

Renda activa de inserción (RAI)


É un programa de apoio á inserción laboral de colectivos con especiais dificultades para incorporarse ao mercado de traballo e en situación de necesidade económica. Leva o pagamento dunha renda mensual e axudas suplementarias en determinados supostos.

Está destinada, entre outros colectivos, ás mulleres vítimas de violencia de xénero, menores de 65 anos, inscritas como demandantes de emprego e que carezan de rendas, de calquera natureza, superiores a 483,98 € mensuais.

Acceso a través dos servizos públicos de emprego.

Tel.: 901.119.999

<http://www.sepe.es>



9. Recursos para familias con persoas en situación de dependencia

Que é a dependencia?

É o estado de carácter permanente no que se encontran as persoas que, por razóns derivadas da idade, da enfermidade ou da discapacidade e ligadas á falta ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan a atención doutra ou doutras persoas ou axudas importantes para realizar as actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal.

Deben darse tres circunstancias para que unha persoa se encontre en situación de dependencia:

- A existencia dunha limitación (física, intelectual ou sensorial) que mingua determinadas capacidades da persoa.
- A incapacidade da persoa para realizar por si mesma as actividades da vida diaria.
- A necesidade de asistencia por parte dunha terceira persoa.

Cales son os graos de dependencia?

Na valoración das persoas, establécense graos de dependencia en función da autonomía das persoas e a intensidade e tipo de axuda que necesita doutra persoa:

- **Grao I. Dependencia moderada:** cando a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía funcional.
- **Grao II. Dependencia severa:** cando a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria, dúas ou tres veces ao día, pero non require a presenza constante dunha persoa coidadora ou ten necesidades de apoio extenso para a autonomía funcional.
- **Grao III. Gran dependencia:** cando a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria varias veces ao día e, pola súa perda total de

autonomía mental, intelectual, sensorial ou física, necesita a presenza indispensable e continua doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía funcional.

Cales son os servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD)?

A. Carteira de servizos comúns

Forman parte desta carteira os servizos de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia, dirixidos a persoas cuxo diagnóstico non requira a asignación de servizos que, sendo da mesma natureza, estean incluídos en calquera das carteiras específicas.

SERVIZOS INTEGRANTES DA CARTEIRA DE SERVIZOS COMÚNS	IDADES DAS PERSOAS BENEFICIARIAS
De prevención das situación de dependencia e promoción da autonomía persoal.	Sen límites de idade
De axuda no fogar, para atención a persoas dependentes, que inclúe unha especialidade no servizo dirixida a persoas con discapacidade auditiva.	Sen límites de idade
De teleasistencia e xeolocalización.	Igual ou maior a 16 anos
De atención diúrna, con modalidade básica e terapéutica.	Igual ou maior a 16 anos
De atención residencial, con modalidade básica e terapéutica.	Igual ou maior a 16 anos
De atención nocturna	Igual ou maior a 16 anos
De atención temperá	Entre 0 e 6 anos

B. Carteira de servizos específicos

Forman parte desta carteira todos aqueles servizos dirixidos a persoas dependentes que, tendo idade igual ou superior a 16 anos, teñan diagnosticada algunha das seguintes limitacións: alzhéimer, discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral, discapacidade intelectual, trastorno de espectro autista ou enfermidade mental.

PERSOAS DEPENDENTES CON LIMITACIÓN	SERVIZOS ESPECÍFICOS
Con alzhéimer	- De prevención das situación de dependencia e promoción da autonomía persoal. - De axuda no fogar. - De atención diúrna, coas modalidades: básica e terapéutica. - De atención nocturna. - De atención residencial, coas modalidades: básica e terapéutica.
Con discapacidade física	- De atención diúrna, coas modalidades: básica, terapéutica, ocupacional e terapéutico-ocupacional. - De atención nocturna. - De atención residencial, coas modalidades: básica, terapéutica e terapéutico-ocupacional.
Con parálise cerebral	- De atención diúrna, coas modalidades: básica, terapéutica, ocupacional e terapéutico-ocupacional. - De atención nocturna. - De atención residencial, coas modalidades: básica, terapéutica e terapéutico-ocupacional.
Con dano cerebral	- De atención diúrna, coas modalidades: básica, terapéutica, ocupacional e terapéutico-ocupacional. - De atención nocturna. - De atención residencial, coas modalidades: básica, terapéutica e terapéutico-ocupacional.
Con discapacidade intelectual	- De atención diúrna, coas modalidades: terapéutica, ocupacional e terapéutico-ocupacional. - De atención nocturna. - De atención residencial, coas modalidades: terapéutica e terapéutico-ocupacional.
Con trastorno de espectro autista	- De atención diúrna, coas modalidades: terapéutica, ocupacional e terapéutico-ocupacional. - De atención nocturna. - De atención residencial, coas modalidades: terapéutica e terapéutico-ocupacional.

Con enfermidade mental	- De axuda no fogar. - De atención diúrna, coas modalidades: psicosocial, psicosocial-ocupacional e ocupacional. - De atención nocturna. - De atención residencial, coas modalidades: psicosocial e psicosocial-ocupacional.
------------------------	---

C. Carteira de servizos de asistente persoal

Forman parte desta carteira os servizos dirixidos a facilitar o apoio persoal, a inclusión social e/ou educativa, así como a promoción e participación das persoas que, sendo de idade igual ou superior a 16 anos, se atopan en situación de gran dependencia ou dependencia severa, co obxecto de permitir o seu desenvolvemento nas actividades da vida diaria, laborais e/ou educativas e propiciar a participación da persoa usuaria na vida social e económica.

Cales son as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD)?

A. Libranza para coidados no entorno familiar

Prestación económica de carácter excepcional destinada ás persoas en situación de dependencia que son atendidas no seu domicilio por unha persoa coidadora non profesional do seu contorno.

B. Libranza de asistente persoal

Prestación económica destinada a facilitar a contratación, pola persoa en situación de dependencia, dun o dunha asistente persoal profesional que lle preste apoio para o acceso á educación, ao traballo e a unha vida máis autónoma.

C. Libranza para a adquisición dun servizo

Prestación económica destinada a facilitar o pagamento dun servizo dos anteriormente mencionados, cando non sexa posible prestalo mediante a rede pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Hai outros servizos e recursos para a atención da dependencia?

En Galicia contémpanse ademais:

- **Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal** (SGAMP 065): servizo de transporte adaptado programado e non urxente para a prestación de servizos puntuais.

A súa finalidade:

- ✓ Poñer á disposición das persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia, que teñan recoñecida a imposibilidade de utilizar o transporte público colectivo, un transporte axeitado para facilitarles a súa mobilidade.
- ✓ Favorecer o acceso, en condicións de igualdade efectiva, ás persoas con discapacidade e/ou ás persoas en situación de dependencia aos servizos e recursos que faciliten a promoción da súa autonomía persoal así como a súa participación no contorno habitual.

- **Apoio á persoa coidadora:** a través da posta en marcha do programa “Xuntos nos coidados”, programa de formación non formal e apoio aos coidadores e coidadoras non profesionais de persoas en situación de dependencia con dereito recoñecido.

Así mesmo, en colaboración coa Consellería de Sanidade, a través da posta en marcha dun apoio continuo de atención telefónica aos coidadores e coidadoras non profesionais de persoas en situación de dependencia a través do teléfono 902 400 116 que ten como obxectivo prestar:

- ✓ Información e solucións ás situacións sanitarias non urxentes.
- ✓ Información sobre coidados asistenciais.
- ✓ Información sobre as características das probas médicas.
- ✓ Información sobre prevención e hábitos saudables.
- ✓ Información sobre centros e servizos sanitarios.
- ✓ Apoio psicolóxico.

Ademais, existen axudas económicas, convocadas anualmente, ás que teñen acceso aquelas persoas recoñecidas en situación de dependencia, para:

- Adquisición e reparación das axudas técnicas para a autonomía persoal e dos produtos de apoio.
- Eliminación das barreiras arquitectónicas e adaptación funcional.

Como solicitar o recoñecemento da situación de dependencia?

O procedemento iníciase por instancia da persoa que poida estar afectada por algún grao de dependencia ou quen desempeñe a súa representación.

O procedemento consta de dúas fases:

1ª fase: valoración integral da persoa solicitante e resolución que determinará o grao de dependencia, así como o seu carácter permanente ou revisable e os servizos e/ou prestacións económicas que lle poidan corresponder.

2ª fase: elaboración e resolución dun Programa individual de atención (PIA) no que se expresará, de entre os servizos e prestacións económicas previstas para o seu grao, aqueles máis adecuados ás necesidades da persoa en situación de dependencia e incorporará, se é o caso, os servizos que xa estea a gozar.

Atención e asesoramento

Xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar

A Coruña: 881.881.513


Lugo: 982.889.157

Ourense: 988.386.785

Pontevedra: 986.817.805

Secretaría Xeral de Política Social: 900.333.666

<http://benestar.xunta.es>



10.Outros recursos de interesse para as familias



Contía do salario mínimo interprofesional para o ano 2014

Mensual	645,30
Anual	9.034,20

Contía do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para o ano 2014

Mensual	532,51
Anual	6.390,13

Contía das pensións de xubilación e invalidez da Seguridade Social na modalidade non contributiva para o ano 2014

	Mensual	Anual
Íntegra	364,90	5.108,60
Mínima	91,23	1.277,15
Complemento 3ª persoa	182,45	2.554,30
Complemento para aluguer residencia habitual		525,00

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

<http://traballoebenefestar.xunta.es>

Teléfono social

É unha liña gratuíta que funciona como punto de axuda, información e orientación para as persoas con dependencia, maiores e/ou con discapacidade que nalgún momento se sintan maltratadas por outra persoa, sexa descoñecida, veciña, familiar ou amiga.

Tel.: **900.333.666**

Teléfono do menor ou liña de axuda á Infancia

É unha liña gratuíta que funciona durante todo o ano, as 24 horas do día. Constitúe un servizo para todas as nenas e nenos que nalgún momento se sintan maltratados por outra persoa, necesiten axuda ou queiran falar sobre os problemas que lles afectan. Tamén poden chamar todas aquelas persoas que saiban ou sospeiten que algunha nena ou neno pode estar a ser maltratado ou que non está a ser correctamente atendido.

Tel.: **116.111**

Teléfono solidario

É un servizo gratuíto e anónimo que dá orientación e información, sobre todo, referente ao voluntariado.

Tel.: **900.400.800**

Portal galego de adopcións

Web de información e asesoramento sobre o proceso adoptivo, tanto nacional como internacional.

<http://adopcions.xunta.es/>

Renda de integración social de Galicia (RISGA)

É unha prestación pública destinada a garantir os recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de

inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

Axudas para situacións de emerxencia social (AES)

Son axudas económicas de carácter extraordinario e de pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente.

Pensións non contributivas (PNC)

As pensións non contributivas aseguran a todos os cidadáns unha prestación económica, a asistencia médico farmacéutica gratuíta e os servizos sociais complementarios, aínda que non teñan cotizado ou o teñan feito de xeito insuficiente para ter dereito a unha pensión contributiva.

As PNC poden ser por invalidez ou xubilación e poden gozar de complementos pola necesidade doutra persoa para as actividades da vida diaria e/ou para o aluguer da vivenda habitual.

Recoñecemento do grao de discapacidade

Trátase do documento que acredita a discapacidade das persoas. Está dirixido a persoas de calquera idade, con deficiencias permanentes non recuperables. As pautas de valoración fundaméntanse, sobre todo, nos efectos para a capacidade de realizar as actividades básicas da vida diaria.

Se alcanza unha porcentaxe igual ou superior ao 33 % dan lugar a unha serie de beneficios fiscais, laborais, económicos, educativos e sociais, entre outros.

O recoñecemento realízase nos Equipos de Valoración e Orientación (EVO), dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
981.182.501	881.999.236	981.337.232	982.889.145	988.386.157	986.844.740	986.294.229

Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA)

É unha entidade pública constituída pola Xunta de Galicia, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, cuxo ámbito territorial principal de actuación é o da Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa finalidade é a defensa e protección das persoas en situación de dependencia. Correspóndelle a protección xurídica e social das persoas maiores de idade en situación de desamparo que teñan a súa capacidade de obrar modificada ou que se atopen incursas nun proceso xudicial de modificación da súa capacidade de obrar, a través do exercicio da tutela, curadoría, defensa xudicial ou administración de bens.

Tel.: **981.957.112**

<http://www.funga.org>

Respiro familiar

É un programa que pretende contribuír a manter ás persoas en situación de dependencia ou discapacidade no seu domicilio e ofertarlle ao seu coidador ou coidadora habitual a posibilidade de dispoñer duns días para o seu descanso, manter a súa vida social, familiar e de ocio, ou para solucionar situacións de emerxencia que se lle presenten, mentres que a persoa á que coida é atendida adecuadamente nun centro residencial.

Programa de localización e control voluntario de persoas en situación de especial vulnerabilidade “acompañote”

Servizo que pretende facilitar a saída do domicilio das persoas maiores ou menores con discapacidade que, debido ás súas condicións de saúde ou limitacións persoais, deban someterse a un control permanente ou aquelas que poidan sufrir episodios de desorientación temporal e/ou espacial.

Este servizo incrementa a mobilidade e seguridade destas persoas e contribúe á tranquilidade das familias e das persoas coidadoras. O seu obxectivo principal é fomentar a autonomía das persoas usuarias, promovendo a permanencia destas no seu ámbito habitual sen que vexan minguadas as súas posibilidades de saír do domicilio e de seguir mantendo as súas relacións sociais.

A maioría do colectivo de usuarios son persoas con deterioración cognitiva ou alzhéimer.

Programa de teleasistencia domiciliaria

A teleasistencia domiciliaria promove a autonomía persoal, evita o illamento e proporciona seguridade e tranquilidade ás persoas usuarias e ás súas familias, garantindo a seguridade da persoa usuaria no seu fogar e a tranquilidade da familia sabendo que o seu familiar terá unha atención inmediata no caso dunha situación que requira unha intervención urxente.

As persoas usuarias son maiores ou con discapacidade que viven soas ou pasan soas a maior parte do día, que aínda que teñan certo grao de dependencia poidan manexar o pulsador no caso dunha emerxencia.

Actividades xuvenís “Acción de verán”

“Acción de verán” é un programa de actividades que ten lugar durante os meses de xullo e agosto, tanto en Galicia como noutras comunidades. Está composto por tres áreas diferentes: campamentos para nenas e nenos de 9 a 18 anos, campos de traballo e actividades de lecer e tempo libre para mozos e mozas de 18 a 30 anos, que comprenden actividades de ocio para toda a xuventude e actividades de voluntariado en campos de traballo nacionais e estranxeiros.

As actividades da campaña teñen como finalidade que a xuventude empregue o seu tempo libre de verán participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que sirvan non só para divertirse senón tamén para o enriquecemento persoal e vital, ademais de ofrecer a posibilidade de coñecer outros territorios da xeografía nacional a través das actividades que se realizan noutras comunidades autónomas.

Tel.: 981.544.838 / 981.544.851

<http://xuventude.xunta.es/>

Oferta de prazas nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para estudantes e mocidade traballadora de 16 a 30 anos, en Lugo, Ourense e Vigo

Requisitos xerais:

- Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro ou estranxeira residente en España no momento da solicitude de praza.
- Non ter perdido a condición de residente por causa imputable á persoa solicitante.
- Ter os 16 anos cumpridos e non superar os 30, na data do 31 de decembro de 2014.

Requisitos específicos para a mocidade estudante:

- Cursar estudos de ciclos formativos de grao medio, de bacharelato, de ciclos formativos de grao superior, estudos universitarios tendentes á obtención de título de grao ou equivalente, ou ben, mentres non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios, estudos universitarios de 1º, 2º ou 3º ciclo nunha facultade ou escola universitaria, ou estudos superiores en ensinanzas artísticas.
- Que no concello onde radique a súa residencia familiar non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar. Exceptúase do anterior a realización de estudos universitarios, nos que a persoa solicitante non acade a nota de corte ou puntuación académica mínima esixida para o ingreso nas facultades ou escolas universitarias da localidade de residencia familiar.

Requisitos específicos para a mocidade traballadora:

- Que o lugar de traballo teña o enderezo nunha provincia distinta ao lugar de residencia familiar da persoa solicitante.

- No caso de que a relación de traballo non sexa fixa ou indefinida terá que ter unha duración mínima de 3 meses a contar dende a data en que finalice o prazo de presentación das solicitudes.
- No caso de ser unha persoa traballadora autónoma por conta propia, será necesario que estea dada de alta no Réxime de traballadores e traballadoras autónomos da Seguridade Social, con anterioridade á publicación da convocatoria.

Prazas para persoas colaboradoras-bolseiras nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Prazas:

Lugo - Centro Residencial Xuvenil: 4 prazas.

Ourense - Florentino L. Cuevillas: 5 prazas.

Vigo - Altamar: 6 prazas.

Requisitos:

- Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro ou estranxeira residente en España no momento da solicitude de praza.
- Ter unha idade mínima de 18 anos e menos de 30 na data en que remate o prazo de presentación das solicitudes.
- Estar cursando estudos universitarios nunha facultade ou escola universitaria, estudos superiores en ensinanzas artísticas ou ciclo formativo de grao superior, que admitan, polo seu contido e saídas profesionais, a formación e a práctica a través de calquera das tarefas que se poden desenvolver nunha residencia xuvenil.
- Non ter perdido con anterioridade a condición de colaborador ou colaboradora por causa imputable á persoa solicitante.
- Non padecer defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento normal da actividade no centro.
- Ter unha renda familiar que non supere o 150 % do IPREM do ano en curso.

Incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias

Programa destinado a promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares e titulares de explotacións agrarias de Galicia, especialmente das mulleres, coa finalidade de promover a creación do emprego e a mellora laboral no agro galego, facilitando, mediante incentivos, a súa alta na Seguridade Social.

Incentivos para o fomento da igualdade laboral

Axudas a pequenas e medianas empresas (PEME), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e para o fomento da igualdade laboral a través da implantación de plans de igualdade, da eliminación da infrarrepresentación feminina ou da garantía da conciliación da vida familiar e laboral.

Bancos municipais de tempo, os plans de programación do tempo da cidade e/ou outras medidas municipais de conciliación.

Programa destinado a subvencionar as entidades locais galegas, a través das ditas iniciativas, para a posta en marcha e desenvolvemento de diferentes medidas de conciliación.

Tel.: **881.997.387**

SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN

<http://emigracion.xunta.es/>

Axudas extraordinarias a persoas emigrantes retornadas

Axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas e aos seus familiares, para atender situacións de necesidade ou precariedade económica derivadas do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia. Hai unha axuda para facer fronte, de maneira xenérica,

á situación derivada do retorno e outra axuda destinada especificamente para os seguintes gastos: traslado de enxoval, gastos da viaxe de retorno e tradución e legalización de documentos.

Axudas de emerxencia social e para a realización de viaxes por razóns de interese social, asistencial ou humanitario

Subvencións á cidadanía de orixe galega e nacionalidade española, emigrantes e residentes no exterior e á súa descendencia que se atope en grave risco de exclusión ou necesidade, para atender os casos sobrevidos de emerxencia social, sanitaria, asistencial ou que teñen por finalidade sufragar os custos de emisión de billetes para a realización das viaxes motivadas por causas sociais, asistenciais ou humanitarias.

Programa “Conecta con Galicia”

O programa “Conecta con Galicia” ten dúas modalidades de actividades dirixidas a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de galegos e que residan no exterior.

1. **Actividades de aire libre:** convócanse 170 prazas, para mozos e mozas residentes fóra de Galicia, con idades comprendidas entre os 14 e os 20 anos, en dúas quendas de 12 días de duración cada unha, durante o mes de xullo, en residencias e albergues xuvenís situados en Galicia dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, xunto con mozos e mozas residentes en Galicia, para a realización das seguintes actividades:

a) Cultura e camiño. Os participantes aloxaranse 6 días, preferentemente, nas residencias xuvenís LUG II, en Lugo, e Florentino López Cuevillas, en Ourense, e participarán en actividades para coñecer o patrimonio histórico cultural das respectivas zonas e percorreren o Camiño de Santiago en diferentes etapas ata chegar a Compostela.

b) O mar de Galicia. Os 6 días restantes aloxaranse nunha zona de costa, preferentemente, no albergue xuvenil Gandarío en Bergondo (A Coruña), onde realizarán actividades de náutica, de recreo e de coñecemento do medio mariño.

2. **Campos de traballo:** prazas en campos de traballo, situados en distintas localidades da Comunidade Autónoma galega, para participantes con idades comprendidas entre os 20 e os 30 anos de idade. Trátase de actividades de colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos na procura dun maior coñecemento da nosa cultura, da mellora ambiental do noso contorno e da recuperación do patrimonio cultural e arquitectónico. Ademais do traballo, ofrécese un programa con actividades de convivencia, de animación, de lecer e tempo libre.

Programa “Reencontros na casa para persoas residentes no exterior”

Programa destinado a promover o contacto das persoas galegas residentes no exterior coas súas familias, que deben comprometerse a acolellos, podendo permanecer en Galicia ata completar un período máximo de 3 meses. A axuda é o aboamento dunha parte do custo do desprazamento, correndo pola súa conta todos os gastos de aloxamento, manutención e calquera outro derivado da súa estadía en Galicia.

Programa Reencontros na terra para persoas residentes no exterior

Programa que ten por finalidade o contacto das persoas galegas residentes no exterior coa súa terra, mediante un período de estadía en residencia e cos seus familiares, fortalecendo así os vínculos de unión con Galicia.

Subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas emigrantes retornadas e dos seus familiares

Subvencións destinadas a promover o retorno das persoas emigrantes e dos seus familiares a través do fomento do autoemprego e a actividade emprendedora das ditas persoas na Comunidade Autónoma galega, subvencionando os gastos iniciais que leva consigo o seu establecemento como traballadores e traballadoras autónomos ou por conta propia, ou como socios e socias traballadores de sociedades laborais ou cooperativas de traballo asociado.

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

<http://www.xunta.es/vicepresidencia-cpapx>

Asistencia xurídica gratuíta

Información sobre a dita prestación: dende o seu contido e as persoas que poden beneficiarse ata os enderezos e teléfonos de contacto onde solicitala.

Rexistro de parellas de feito

A disposición adicional terceira da Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia, sinala que terán a condición de parellas de feito as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces, que convivan coa intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e que a inscriban no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio. Este rexistro xestiónase a través das xefaturas territoriais, baixo a dependencia directa da Dirección Xeral de Xustiza.

Información sobre o procedemento para solicitalo en:

<http://www.xunta.es/catalogo-de-procedementos?codCons=PR&codProc=212A>

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
981.185.974	982.294.303	988.386.931	986.805.312

Servizos de atención á cidadanía e asistencia ás vítimas

Este servizo supón unha atención personalizada á cidadanía (persoal e telefónica), adaptada ás súas propias características, mediante a orientación e a axuda que precisen, tanto se o fan por instancia do órgano xudicial como se é por iniciativa propia.

Comprende non só a información xeral (localización e competencia dos órganos xudiciais, procedementos, trámites, requisitos ...), senón tamén un asesoramento especializado

respecto dos trámites e dos documentos precisos para reclamar as indemnizacións que lles correspondan, tanto nos casos de intervención no proceso sen ser parte nestes (testemuñas, peritos), como nos casos das vítimas de delitos e faltas, para obter, a través do proceso penal, a restitución, reparación ou indemnización dos prexuízos producidos polo feito delituoso.

Subvencións a familias para a adquisición de equipamentos de televisión dixital terrestre mediante recepción satelital

Subvención destinada á adquisición de equipamentos de televisión dixital terrestre por satélite en vivendas ou edificacións localizadas en zonas sen cobertura de televisión dixital terrestre nos concellos situados nas zonas rurais cualificadas como «a revitalizar».

SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE

<http://igualdade.xunta.es/>

Teléfono da muller

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día con cobertura para toda a comunidade autónoma que informa e orienta sobre temas da muller, igualdade, corresponsabilidade, etc.

Tel.: **900.400.273**

Tel.: **900.152.152** (para mulleres xordas)

Axudas ás ANPA dos centros educativos sostidos con fondos públicos para actividades de conciliación da vida familiar e laboral

Axudas destinadas ás ANPA legalmente constituídas, dos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de programas de actividades extraescolares e complementarias dirixidas ao alumnado de educación infantil, primaria e de centros de educación especial, que teñan como fin contribuír á conciliación da

vida familiar e laboral, durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 30 de novembro de 2013, quedando expresamente excluída a prestación do servizo de comedor.

Subvencións para o apoio ao emprendemento feminino: programa EMEGA

Subvencións para apoiar o emprendemento feminino e a consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

<http://www.cmati.xunta.es>

TES+BUS

Trátase dun proxecto conxunto desta consellería e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co obxectivo da promoción do transporte público colectivo nas zonas de carácter rural. A actuación TES+BUS consiste na utilización mixta dos servizos de transporte escolar e público, de tal xeito que calquera persoa das zonas onde se implanta poderá utilizar para os seus desprazamentos as rutas destes servizos. O funcionamento coincidirá cos días e horarios nos que se realice o transporte escolar en cada un dos cursos escolares.

A cidadanía que utilicen os servizos do TES+BUS aboará 1 € por cada viaxe que realice.

Transporte e tarxeta metropolitana

O Plan de transporte metropolitano naceu co obxectivo de mellorar a mobilidade e a accesibilidade no contorno de todas as áreas metropolitanas; para que os cidadáns dispoñan dun mellor servizo de transporte público colectivo e unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado. Dentro das súas vantaxes está a integración tarifaria e a tarxeta de transporte metropolitana, que é unha tarxeta-moedeiro que permite, ás persoas

que a empreguen, obter os descontos no prezo dos billetes que se abonan nos servizos de transporte público integrados no transporte metropolitano de Galicia.

O Plan do transporte metropolitano de Galicia permite que distintas empresas promotoras interesadas poidan aplicar bonificacións especiais aos colectivos que determinen.

Así, na actualidade, na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela hai unha serie de concellos (Ames, Boqueixón, Teo, Brión, O Pino, Val do Dubra, Touro, Oroso e Vedra) que teñen activadas estas condicións, para as persoas empadroadas neles.

Os **colectivos bonificados** son:

- Persoas maiores de 65 anos, sen actividade laboral.
- Persoas en situación de desemprego.
- Persoas que acrediten unha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 %.
- Aquelas persoas residentes no concello no que se subscriba a política social, que a criterio dos Servizos Sociais do concello e atendendo a razóns de emerxencia social ou de precariedade persoal, puideran precisar destas axudas.

Vivenda

<http://www.igvs.es>

O Real decreto 233/2013, do 5 de abril, regula o Plan estatal de fomento do aluguer de vivenda, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e as renovacións urbanas para o período 2013-2016. Atopámonos, polo tanto, nun período de cambios e axustes ao novo Plan de vivenda.

No Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que a muller embarazada terá a condición de colectivo de atención preferente, é dicir, que no caso de mulleres xestantes, os fillos e as fillas concibidos e non nados contarán como membros da unidade familiar para os efectos das

axudas previstas en materia de vivenda. Igual tratamento terá a acreditación da adopción en trámite.

O Programa Aluga, dirixido ao alugamento de vivendas e desenvolvido ao amparo do Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012, naceu coa dobre finalidade de favorecer o mercado do aluguer das vivendas privadas e facilitar o acceso a unha vivenda en réxime de alugamento a unidades familiares ou de convivencia con ingresos que non superen 3,5 veces o IPREM. Neste plan establécense prioridades segundo o colectivo e o nivel de ingresos.

De acordo co establecido no apartado 2 da disposición derogatoria única do Decreto 18/2014, desde o 26/02/2014 quedou derogado o Decreto 84/2010, polo que se regula o Programa Aluga, agás para:

- A adxudicación directa das vivendas incorporadas ao Programa Aluga no marco do Programa de realoxamento para as persoas afectadas por execucións hipotecarias.
- Os contratos de arrendamento en vigor das vivendas incorporadas ao Programa Aluga, ata a resolución do contrato de arrendamento por calquera causa o ata o transcurso do prazo de posta a disposición.

Desta forma, mentres se manteña a relación arrendaticia no marco do Programa Aluga, as persoas propietarias e inquilinas seguirán contando cos servizos, as axudas e as garantías do programa nos temos previstos no Decreto 84/2010.

O Programa de realoxo de afectados por execucións hipotecarias está dirixido especificamente ás familias afectadas por execucións hipotecarias da súa residencia habitual e artéllase a través de dúas vías:

1. A adxudicación directa de vivendas de promoción pública.
2. As vivendas en alugueiro do Programa Aluga.

Para este programa empregaranse preferentemente as vivendas de promoción pública que forman parte do parque de vivendas propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

So nos casos en que non se dispoña de vivendas de promoción pública se recorrerá ás vivendas do Programa Aluga, unha vez sexan aprobadas as medidas complementarias ao abeiro do dito programa.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

<http://www.xunta.es/economia-e-industria>

Axudas da Axencia Galega de Innovación

A cargo deste organismo concédense diferentes axudas e bolsas para a formación, contratación e/ou promoción de investigadores, unidades mixtas de investigación, proxectos de investigación e desenvolvemento, accións de divulgación científica (Diverciencia), etc.

Subvencións para o fomento da propiedade industrial

Subvencións destinadas a fomentar a protección da propiedade industrial en Galicia, tanto a nivel nacional como internacional, para garantir a plena explotación dos resultados das nosas innovacións mediante o impulso da protección das innovacións técnicas (invencións). Estas subvencións destinaranse a atender os gastos derivados da tramitación de solicitudes de títulos de propiedade industrial relativos a invencións e da súa renovación, ante as oficinas nacionais, rexionais ou internacionais.

Ticket eléctrico social

A axuda consiste nunha cantidade fixa semestral que ten por obxecto contribuír ao pagamento da factura eléctrica daquelas familias con fillos menores a cargo, cuxos ingresos totais durante o ano 2013 non superen o IPREM. A contía da axuda non poderá superar o importe da factura eléctrica pagada durante o semestre.

Establécese unha cantidade de 45 € ao semestre para as unidades de convivencia que cumpran os requisitos, incrementándose esta cantidade ata 60 € para as que acrediten ser familia numerosa.

<http://www.inega.es/>

Simuladores

Ferramentas web nas que se pode coñecer o consumo enerxético e as posibilidades de aforro enerxético dos fogares galegos (electrodomésticos, iluminación, consumo oculto), así como da eficiencia na xestión das augas.

<http://www.inega.es/>

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

<http://www.xunta.es/cceou>

Bolsas para a adquisición de libros de texto

Axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos, segundo os cursos e a renda per cápita familiar establecidos na orde anual de convocatoria.

Axudas para o alumnado de centros sostidos con fondos públicos para realizar actividades de formación en linguas estranxeiras

Axudas destinadas ás familias galegas co fin de facilitar o coñecemento doutras linguas ás súas fillas e fillos, sempre que cursen estudos de 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria e 1º ou 2º de bacharelato, ou ciclos formativos de grao superior, en centros sostidos por fondos públicos.

Comedores escolares nos centros públicos que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria, primaria e secundaria obrigatoria, e/ou segundo ciclo de educación infantil

Os servizos de comedor comprenden aqueles servizos de xantar e de atención ás persoas usuarias nos períodos de tempo libre anterior e posterior da comida do mediodía, nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

Establece que o uso do servizo dará lugar ao aboamento dos seguintes prezos públicos e das tarifas por parte dos suxeitos obrigados:

1. Serán persoas usuarias gratuítas dos comedores escolares:

- O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil que se atope en situación de acollemento residencial ou familiar.
- O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33 %.
- O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencente a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.
- O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencente a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 €.

2. Serán persoas beneficiarias dunha bonificación para comedor, agás na contía de 1 € que se aboará por día de servizo, o alumnado cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor de idade que curse: ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores de idade que cursen: ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €

Unidades familiares con tres ou máis menores de idade que cursen: ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €
---	--

3. Serán persoas beneficiarias da bonificación para comedor, agás na contía de 2,50 € que se aboarán por día de servizo, o alumnado cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor de idade que curse: ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores de idade que cursen: ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

4. Deberán aboar 4,50 € por día de servizo de comedor aquel alumnado cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos seguintes parámetros:

Unidades familiares cun único menor de idade que curse: ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores de idade que cursen: ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

5. Deberán aboar 4,50 € por día de utilización do servizo de comedor, o persoal docente ou non docente destinado no centro escolar, persoal auxiliar de conversa e alumnado en prácticas de ensinanza de maxisterio ou grao equivalente que, sen ter responsabilidades na organización dos comedores escolares nin no coidado do alumnado comensal, faga uso do comedor escolar.

Subvencións para o desenvolvemento do programa de apertura de centros fóra do horario lectivo aberto a todos os concellos de Galicia

Subvencións destinadas aos concellos de Galicia, para o cofinanciamento do desenvolvemento do programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo.

Axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo

Axudas económicas para a realización da formación práctica en centros de traballo (FCT), tanto ao alumnado matriculado no derradeiro curso dos ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional, dos módulos profesionais experimentais, das artes plásticas e deseño, das ensinanzas deportivas e dos programas de cualificación profesional inicial e que realice a FCT dentro do territorio español, como ao alumnado matriculado nos ciclos formativos de grao medio ou superior da formación profesional inicial ou nun ciclo formativo das artes plásticas e deseño e que realice a FCT en países da Unión Europea.

Prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para realizar estudos postobrigatorios non universitarios no curso académico 2013/14

Para poder optar á praza de residencia as persoas aspirantes deberán acreditar as circunstancias que impidan a súa escolarización nun centro sostido con fondos públicos. Con carácter xeral, esta circunstancia será a de non poder cursar os estudos solicitados por non haber un centro sostido con fondos públicos que imparta os devanditos estudos, ben na localidade de residencia, ben nunha localidade próxima que permita, polos medios de comunicación da zona, un acceso diario con facilidade. Con carácter particular e documentalmente acreditado, poderanse ter en conta outras circunstancias, como condicións de orfandade, descendencia de emigrantes ou situacións familiares moi graves.

Prazas de colaboradores ou colaboradorass bolseiros nos centros residenciais docentes

Prazas:

- Centro Residencial Docente da Coruña: 18 prazas.
- Centro Residencial Docente de Ourense: 6 prazas.
- Centro Residencial Docente de Vigo: 6 prazas.

Requisitos:

- Ser de nacionalidade española, nacional dun país membro da Unión Europea, ou doutros países con residencia en España no momento de asinar a súa solicitude.
- Non estar en posesión dun título académico igual ou superior ao dos estudos que se pretenden realizar.
- Ter dezaoto anos feitos, ou facer esta idade dentro do ano natural 2014.
- A distancia entre o centro universitario onde curse os estudos e o centro residencial docente, así como os medios de comunicación existentes, deberán garantir a dispoñibilidade no horario en que teñan que realizar o devandito labor de apoio.
- A persoa solicitante deberá estar inscrita ou matriculada en ensinanza universitarias de grao; máster oficial; primeiro, segundo ou terceiro ciclo nunha facultade, escola superior, escola universitaria ou colexio universitario.

Aloxamento para estudantes universitarios en residencias das universidades

Prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo.

<http://seix.uvigo.es/> ou www.uvigo.es

- Complexo residencial universitario “O Castro” (Vigo)
- Residencia concertada “A Peregrina” (Pontevedra)
- Complexo residencial universitario “As Burgas” (Ourense)
- Complexo residencial concertado “ALCAI” (Allariz)

Prazas de aloxamento para estudantes da Universidade de Santiago de Compostela.

<http://www.usc.es/sur>

Campus de Santiago de Compostela:

- Colexio Maior Fonseca.
- Colexio Maior Rodríguez Cadarso.
- Colexio Maior San Clemente.
- Residencia Universitaria Burgo das Nacións.
- Residencia Universitaria Monte da Condesa.

Campus de Lugo:

- Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay.

Prazas de aloxamento para estudantes da Universidade da Coruña.

<http://www.udc.es/sape/aloxamento>

- Residencia Rialta (A Coruña).
- Residencia Portanova (Ferrol).

Circuitos culturais. Cultura vai

Programa de espectáculos dirixido ao público infantil e familiar: marionetas e maxia, teatro, música, danza, cine, etc.

Programas de promoción do libro, fomento da lectura e a escrita, e mellora da xestión pública das bibliotecas

Este programa de actividades inclúe actuacións nos seguintes eidos:

- Animación cultural.
- Promoción e difusión do libro.
- Congresos e conmemoracións.
- Fomento da lectura e da escrita.
- Xestión do libro e bibliotecas.

Axudas ao alumnado universitario que teña dificultades económicas, por causa sobrepida ou imprevista, para continuar os seus estudos

Axudas a estudantes con residencia en Galicia que cursen estudos oficiais fóra da nosa comunidade por non estaren implantados no Sistema Universitario de Galicia

Axudas a estudantes universitarios, do Sistema Universitario de Galicia ou nos centros asociados da UNED en Galicia, para estadías nalgún Estado membro da Unión Europea co obxecto de coñecer a lingua dese país

CONSELLERÍA DE SANIDADE

<http://www.sergas.es>

Teléfono único do SERGAS: 902.077.333

O servizo telefónico está operativo de continuo, as 24 horas do día, os 7 días da semana. Dá cobertura a toda a poboación galega, para calquera centro sanitario.

Este servizo de atención á cidadanía dá acceso a múltiples servizos e trámites do sistema sanitario galego, como:

- Pedir cita para ser atendido no seu centro de saúde.
- Solicitar a anulación ou retraso das citas hospitalarias.
- Solicitar atención telefónica por parte de profesionais sanitarios.

Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061

Esta fundación pon a disposición da cidadanía diversos recursos cos que poder realizar consultas médicas e resolver as súas dúbidas de información sanitaria, como son o teléfono 902.400.116 ou o [espazo en liña](#).

Nestes recursos atopará información e consellos relacionados coa saúde e coidados asistenciais. Concretamente:

- Dúvidas sobre a evolución dunha enfermidade.
- Opinión sobre a orientación dun caso.
- Asesoría sobre problemas de saúde non urxentes.
- Información xeral sobre temas sanitarios (tratamentos, resultado de probas, funcionamento xeral do sistema, ...).
- Información sobre os servizos e actividades que proporciona a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Espazo da cidadanía, na páxina web do SERGAS

A consellería habilitou un espazo destinado a proporcionar información a toda a cidadanía sobre os aspectos que a continuación se relacionan:

- Cidadán e a saúde (dereitos e deberes, tarxeta sanitaria, instrucións previas, protección social, prestacións, ...).
- Coñeza os servizos sanitarios (atención primaria e especializada, saúde mental, saúde pública, rehabilitación psicosocial e laboral, urxencias, doazóns e transplantes, ...).
- Información de saúde (consellos de saúde, saúde laboral e ambiental, indicadores de espera, ...).
- Coñeza como funcionan (atención ordinaria, centros de saúde, PAC, pediatría, urxencias hospitalarias, ...).
- E conta cunha oficina virtual, a través da cal pódese: pedir cita de atención primaria, consultar o estado dunha reclamación ou suxestión, solicitar a tarxeta de persoa doadora, tramitar o reintegro de gastos, entre outras cousas.

A partir deste espazo podemos contactar con:

- A [Escola Galega de Saúde para Cidadáns](#): está orientada á formación de pacientes, familias e cidadáns en materia de saúde, para mellorar a toma de decisións nos seus procesos de saúde-enfermidade. Está destinada a prover de información,

coñecementos e habilidades en procesos de saúde e de enfermidade a pacientes, coidadores e coidadoras e cidadáns, coa fin de mellorar a súa calidade de vida e potenciar a súa participación segura nas decisións sobre os seus procesos, así como facilitar o coñecemento do funcionamento dos servizos sanitarios para contribuír a un uso eficiente deles, para o que conta cunha rede de profesionais e formadores e formadoras expertos.

- **Doazóns e transplantes:** contacta coa oficina de coordinación de transplantes (OCT), que se encarga de promover a doazón de órganos e proporciona información sobre: as doazóns e os transplantes, as actividades, as publicacións, os centros, a lexislación, as asociacións de enfermos e transplantados, ..., así como sobre a tarxeta de persoa doadora.
- **Doa Sangue:** contacta co Centro de Transfusións de Galicia e informa sobre: a doazón, as características da persoa doante, lugares para doar, programa de voluntariado, ...
- **Vacinas:** enlaza coa área de Innovación e Xestión da Saúde Pública e informa sobre: a vacinación infantil, vacinación fronte ao tétano, campañas de vacinación antigripal e antipneumocócica, virus do papiloma humano, vacinas para viaxeiros, ...
- **Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos.**
- **Xenéricos.**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

<http://www.xunta.es/medio-rural-e-do-mar>

Axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios

Axudas ás persoas aseguradas titulares de explotacións agrarias, sempre e cando subscriban pólizas de seguros de liñas agrícolas, gandeiras e acuícolas; así como, a cobertura dos danos ocasionados sobre as instalacións e elementos produtivos.

Prazas de residencia e de manutención nas residencias do medio rural e do mar para a realización de ciclos formativos

Requisitos:

Estar matriculado ou matriculada nos centros de formación dependentes desta consellería e realizar os seguintes estudos:

- Marítimo-pesqueiros: Ciclos formativos de grao medio e superior da familia profesional marítimo-pesqueira.
- Náutico-pesqueiros: Capitán de pesca, patrón costeiro polivalente, patrón local de pesca e mariñeiro pescador.
- Agroforestais: Ciclos formativos de grao medio e superior da familia profesional agroforestal.

As prazas poderán adxudicarse nas seguintes modalidades:

- Residencia en pensión completa.
- Media pensión.
- Xantar diario non regular.

Centros de formación:

- Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo (Pontevedra)
- Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol (A Coruña)
- Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán
- Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude (A Coruña)
- Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Becerreá (Lugo)

Axudas para a incorporación de persoas mozas á actividade agraria

Estas axudas tentan favorecer o relevo xeracional de titulares de explotacións, favorecendo a incorporación de persoas, entre 18 a 40 anos de idade, á actividade agraria.

Axudas para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias

Estas medidas están destinadas á mellora das condicións de vida e de traballo das persoas titulares e das empregadas nas explotacións; á mellora e á ordenación das producións en función das necesidades do mercado; ao aforro da enerxía e/ou auga, ou á incorporación das novas tecnoloxías; á adecuación á normativa comunitaria en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais; á protección do solo e do medio ambiente.

Axudas a proxectos colectivos para a xestión de zonas de produción, conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños

Estas axudas están destinadas a proxectos colectivos para a xestión de zonas de produción, conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños, co fin de permitir mellorar as condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a esta actividade e contribuír á conservación do medio mariño e das súas especies.

Convocatoria de bolsas para a formación e de prácticas en temas relativos a agricultura e pesca

Bolsas de formación de persoal tecnólogo e persoal de apoio á investigación, bolsas de prácticas para persoas con titulación recente en especialidades agrarias, forestais, veterinaria, tecnoloxía dos alimentos e bioloxía, e bolsas de prácticas para o alumnado e tituladas ou titulados recentes de formación profesional da familia agraria.

Bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para persoas tituladas en ciclos formativos de acuicultura.

Axudas para o fomento das razas autóctonas, para o aproveitamento forestal, para o fomento do emprego de maquinaria en réxime asociativo, para o fomento da transformación e comercialización de produtos.

Axuda para a subministración ao alumnado de centros escolares (infantil, primaria e secundaria) de leite e determinados produtos lácteos.

Axuda para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares (2º ciclo de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria) .

Subvencións a proxectos de equipamentos térmicos de biomasa.

Subvencións ás familias, entre outras entidades beneficiarias, destinadas a apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse ás instalacións para o quentamento dun fluído mediante equipamentos térmicos que utilicen biomasa como combustible.

Serán subvencionables:

- O custo do equipamento térmico e os seus accesorios.
- O custo do sistema de almacenamento de combustible.
- O custo do sistema de alimentación de combustible.
- O custo de montaxe e conexiónado.



galicia



XUNTA
DE GALICIA